

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de outubro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día vinte e nove de outubro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1933).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 1 de outubro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1934).- RECURSO DE ALZADA CONTRA RESOLUCIÓN DO TEAG SOBRE RECLAMACIÓN ECONÓMICO ADMINISTRATIVA CONTRA ACTO DE REPERCUSIÓN TRIBUTARIA POR IVE POLA CESIÓN DA PRAZA DO BERBÉS. EXPTE. 27/501.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Recursos e Asesoramento, do 11.10.07, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Con data 10 de outubro do ano que andamos foi notificada a esta Administración municipal resolución do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, de 21 de xuño de 2007, pola que se acorda estimar en

parte a reclamación económico-administrativa, formulada polo Concello de Vigo, contra o acto de repercusión tributaria, por importe de 665.907,76 €, na factura VAR0300067, de data 31 de decembro de 2003, emitida polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, polo concepto de "cesión da Praza do Berbés", ó considerar non axustada a Dereito a repercusión tributaria sobre a parte do custe da obra correspondente á construción do aparcadoiro subterráneo.

Esta Asesoría Xurídica entende que a estimación da citada reclamación ten de ser total e non so parcial: a resolución impugnada peca de incongruente en tanto que, incumprindo o disposto no artigo 239.2 LXT, non resolve tódalas cuestións plantexadas por esta Administración local na súa reclamación; cuestións, as alegadas, que, entende esta Asesoría xurídica, fundamentan a estimación total da reclamación e nas cales é preciso insistir.

Polo exposto, proponse á concelleira delegada de Economía e Facenda eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Interpoñer recurso de alzada contra a resolución do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia, de 21 de xuño de 2007, pola que se acorda estimar en parte a reclamación económico-administrativa, formulada polo Concello de Vigo, contra o acto de repercusión tributaria, por importe de 665.907,76 €, na factura VAR0300067, de data 31 de decembro de 2003, emitida polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, polo concepto de "cesión da Praza do Berbés".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1935).- PRESTACIÓN DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 22/2188.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a.Lourdes Buxo Jam. Expte. 22/2188.

4(1936).- CONTRATACIÓN DO ESPECTÁCULO “CONCERTO PARA BEBÉS”- FESTIVAL DE MÚSICA ARE-MORE 2007. EXPTE. 10481/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 15.10.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do espectáculo *CONCERTOS PARA BEBÉS*, a cargo de Paulo Lameiro, dentro do *Festival de Música Are-More 2007*, os días 2, 3 e 4 de novembro, en dobre sesión diaria, no salón de actos do Verbum-Casa das Palabras.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 18.647.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a UBIAGRANDAL S.L., con CIF B-36916492.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

**PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
CONCERTOS PARA BEBÉS, Paulo Lameiro**

En Vigo, o XXXXXXXXXX de outubro de dous mil sete

Dunha parte D. Xesus López Carreira, en calidade de concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Mario Ubiaga André, NIF 36105816-W, en calidade de Administrador único, e que actúa no nome da empresa denominada UBIAGRANDAL S.L., CIF B-36916492, e con domicilio en Vigo, rúa Príncipe, núm 34, 1º J, CP 36209; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice o espectáculo CONCERTOS PARA BEBÉS, a cargo de Paulo Lameiro, no sucesivo O ARTISTA, no recinto denominado Verbum-Casa das Palabras, según o seguinte:

- α) Venres, 2 de novembro: 16h e 17,30h*
- β) Sábado, 3 de novembro: 11,30h e 13h*
- χ) Domingo, 4 de novembro: 11,30h e 13h*

Este concerto inclúese no FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE-MORE” 2007, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 31 de outubro de 2007.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 16.075.- Euros máis 2.572.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 18.647.-Euros (dezaioito mil euros con seiscientos corenta e sete céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza. O pagamento deste importe realizarase mediante transferencia bancaria á conta 2091 0534 15 3040007401 da que é titular UBIAGRANDAL S.L., nos dez días hábiles seguintes á realización do espectáculo, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade e dereitos de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O CONCELLO porá á venda un total de 50 entradas para cada unha das seis funcións, a un prezo de 2.-€ neno/a menor de cinco anos, con dereito a dous acompañantes adultos, e será o beneficiario da total recaudación.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2007 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Xestión do Plan Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se

derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día da primeira función e até as dúas horas despois da finalización da derradeira función..

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

Non se precisa

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

Non se precisa equipo de son; o de iluminación será por conta da AXENCIA.

1.3 RECINTO E INSTALACIÓN S.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalación s e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

α) camerinos

β) saída ao escenario

χ) pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximo ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

5. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

6. SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO.

A AXENCIA será a responsable da seguridade xeral do espectáculo durante todo o seu desenvolvemento, cumprindo a normativa legal que lle sexa aplicabel nesta materia.

Ámbalas dúas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO I
PROGRAMA

Autor	Excertos / Obras
C. W. Gluck	Orfeu e Euridice δ) Che faró senza Euridice; ε) Balletto φ) Ritornello
C. Monteverdi	Orfeu δ) Tocatta
G. Rossini	Duetto Buffo Di Due Gatti
Rui Filipe	Baile Ladino
Pichauerau	Prélude à Raflesia
Tradicional Portuguê	Laurindinha Ó Margarida Moleira Corridinho
Paulo Lameiro	Olá vamos cantar Canto Olga Cadaval Cantos sem palavras
Cristiana Lameiro	Olha ali quem vem lá – canção do combóio
W. A. Mozart	Concerto de Clarinete – temas dos 1.º, 2.º e 3.º andamentos
Arcangelo Corelli	La Follia op.5/XII - para flauto e baixo contínuo
Tradicional Klezmer	Chatser Chusidl Jovano
J. Brahms	Sonata nº 1
Daichava Chara	Trad. Búlgaro
Oppenheimer	Ciaccona (variação para acordeão de um tema Popular Portuguê – la folia)
J. Naulais	Toquades

5(1937).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A TALA DE ÁRBORES E MALEZA QUE CIRCUNDA O PERÍMETRO DO CAMPO DE FÚTBOL DA GUÍA. EXPTE. 5198/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director técnico do IMD, do 23.10.07, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data de rexistro de entrada 08-08-07 e nº doc: 70089697, as entidades deportivas C.D. La Guia e C.D. Teis, como usuarios do campo de fútbol municipal de “A Guía” solicitan ao Concello de Vigo a autorización para proceder a tala dunha serie de árbores, así como o desbroce da maleza que circundan o perímetro do campo de fútbol indicado.

Durante o presente ano 2007 e a través dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, acometéuse unha actuación de mellora importante nesta instalación. Entre outros temas as melloras están relacionadas coa instalación dunha nova superficie de herba sintética no campo de

xogo, o cal mellora dunha maneira sustancial o principal obxecto do campo que e a práctica do fútbol. Este novo material demanda unhas garantías de mantemento, así como tamén a propia actividade deportiva, necesita un contorno seguro para a súa actividade.

Do informe presentado polas entidades deportivas usuarias do campo destácase a “invasión” do perímetro do campo de fútbol por parte das árbores, maleza que de forma anárquica conforma o perímetro do campo. Esta realidade xenera unha serie de problemas cara á operatividade do uso da instalación que se concretan nos seguintes aspectos:

- Problemas para o mantemento necesario da nova instalación.
- Imposibilidade de manter de forma axeitada os peches perimetrais necesarios para a práctica do fútbol.
- Certos riscos para os usuarios/as (nenos/as) con motivo de posibles desprendementos ou derribos fortuitos.

Atendendo a todo o exposto, dende a concellaría de Deportes procedéuse a coordinación das diversas necesidades vinculadas o problema descrito para o cal tramitouse o mesmo ante os diversos departamentos municipais con competencias na materia ademais de solicitar externamente algunha alternativa.

Das xestións realizadas despréndese a seguinte situación:

- a) Proposta para a tala das árbores que invaden o perímetro do campo de fútbol da Guía, así como retirada e limpeza da maleza ocasionada por parte da empresa Craciano Rodríguez e Hijos, S.L.U. , sen coste ningún para o Concello, compensando os gastos co valor da madeira retirada. (xúntase documento ao expediente).
- b) Informe positivo a proposta de corte e retirada da maleza por parte do departamento de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo segundo documento de data 10-10-2007 que se xunta no expediente.
- c) Solicitud á Consellaría de Medio Rural da aportación das árbores de especies autóctonas para un novo prantamento na zona talada, provenientes do viveiro que ten Medio Rural en Tui e baixo a supervisión dun técnico forestal da mesma Consellaría. O número de árbores establécese nun número aproximado de 40 unidades.
- d) Informe do departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo, favorable a acceder a autorización da tala das árbores sempre que sexan substituídos por especies arbóreas autóctonas.

Por todo o anterior propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Autorizar a tala de árbores e maleza que invaden o perímetro do campo municipal da Guía, que de forma aproximada afectan a un total de 82 eucaliptos e 23 acacias por parte da empresa Craciano Rodríguez e Hijos, S.L.U. , sen coste ningún para o Concello, compensando os gastos co valor da madeira retirada (xúntase documento no expediente). Esta empresa comprométese á retirada do material talado así como maleza ocasionada pola tala destas árbores.

Segundo: Autorizar o novo prantamento de especies arbóreas autóctonas subministradas pola Consellaría de Medio Rural a través do Viveiro de Tui en relación a un número aproximado de 40 unidades, coa supervisión dun técnico forestal da mesma Consellaría.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1938).- SELECCIÓN DE PROXECTOS PRESENTADOS Ó CONCURSO DE IDEAS DO PROGRAMA DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL PARA MULLERES 2007-2008. EXPTE. 3039/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina, do 10.10.07, conformado pola concelleira delegada de Igualdade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Unha vez revisados os proxectos presentados ao concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural na convocatoria 2007/2008 da Concellería de Igualdade”, relacionados na certificación do Xefe do Rexistro Xeral do Concello de Vigo de data 29 de xuño de 2007, acórdase excluír os que de seguido se dñ:

1.- Lotes 1,2,3 e 4 sobre proxectos de formación, persoal, saúde e artística:

a.- Por non acreditar documentalmente a formación académica, titulación e experiencia das/os monitores/as e que lles faculta para a realización dos cursos que ofertan Base 4ª parágrafo 1c):

NÚM. OFERTA, MONITOR/A	NOME PROXECTOS
Núm. 6 ALICIA LOPEZ SAN SEGUNDO	3.- Repuxado en coiro
Núm. 18 ASOCIACIÓN MULLERES MONITORAS - Eva María Álvarez Iglesias	4.- Curso de ritmos latinos
Núm. 19 SONIA GONZÁLEZ CIFUENTES	1.- Masaxe e sensibilización corporal
Núm. 22 ASOCIACIÓN OURENSANA DE AEROBIC E FITNESS - Mª Isabel Rodríguez de la Iglesia - Iria Lugilde Fernández	3.- Batuka 4.- Danza oriental 2.- Pintura artística 5.- Clases de pintura
Núm. 30 SABELAOCIO S.L.N.E. - Angelina Gándara Alonso	1.- Composicións florais con papel de tea 2.- Envolvendo agasallos
Núm. 31 AULA SISIFO DE FORMACIÓN S. L. - Iria Cacheiro Paradela - Natalia Khachatryan	1.- As mulleres estamos no mundo 1.- Baile do ventre 2.- Tai-Chi 3.- Programación neurolingüística (Técnicas de cambio radical psicolóxico en breve tempo) 4.- Baile Batuka
Núm. 37 CCAR VALLADARES - Mª Inmacula Alcalde Riveiro - Luz Barreiro Ramilo	1.- Técnicas de búsqueda de emprego feminino. 2.- Taller de xogos de mesa. 3.- Taller de manualidades. 2.- Pilates. 3.- Iogaterapia.

- Ana María García Rodríguez	1.- Ximnasia feminina e mantemento con música.
Núm. 40 HABITAT CULTURAL S.L. - Antonia Romero González	2.- Primeiros auxilios para o día a día.

b.- Por non axustarse ós obxectivos do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxecto e actividades para o programa da concellería da muller. Base 6ª parágrafo 1:

NÚM. OFERTA, MONITOR/A	NOME PROXECTOS
Núm. 4 ANDREA DIGIORGIO BREARD	3.- Tapicería e outros complementos 4.- Mulleres nas artes plásticas. Non máis á sombra dos grandes homes artistas. Mudemos dende a igualdade e a armonía
Núm. 15 Mª JESÚS VÁZQUEZ NIETO	2.- Ioga terapéutico na terceira idade
Núm. 16 ANTÍA MARCOTE CAL	1.- Iniciación da lingua galega 11.- Portugués para extranxeiros/as (perfeccionamento) 13.- Iniciación á lingua portuguesa 14.- Español para estranxeiros (perfeccionamento) 15.- Iniciación ao español para estranxeiros 16.- Perfeccionamento da lingua galega
Núm. 22 ASOCIACIÓN OURENSANA DE AEROBIC E FITNESS 30 EUROS - Iria Lugilde Fernández	3.- Automaquillaxe
Núm. 31 AULA SISIFO DE FORMACIÓN S. L. - Mª Carmen Ledo Rodríguez	2.- Cestería para iniciadas
Núm. 34 SGS TECNOS S.A. - María Montenegro Cobas	1.- Título oficial de nivel básico de prevención de riscos laborais
Núm. 35 GABINETE DE SICOLOXÍA ANDARES - Cristina García Núñez	3.- ¿E como é el?. Obradoiro para fumadoras.
Núm. 37 CCAR VALLADARES - Mª Natividad Vila Costas	2.- Perfeccionamento á informática básica.

c.- Por non axustarse ao establecido na base 6ª parágrafo 2 que dí: “seleccionarase a mulleres monitoras nos lotes 2 (“cursos de formación persoal e artística”), 3 (“cursos de formación sobre a igualdade de oportunidades e a perspectiva de xénero”, 4 (“obradoiros preventivos a prol de hábitos de vida saudable”)...”

NÚM. OFERTA, MONITOR/A,	NOME PROXECTOS
Núm. 37 CCAR VALLADARES - Victor Manuel Peleteiro Ogando	1.- Tai-Chi para persoas iniciadas. 2.- Tai-Chi perfeccionamento (persoas avanzadas).

d.- Por superar a oferta presentada o prezo máximo hora estipulado na Base 3ª, parágrafo 4º.

NÚM. OFERTA, MONITOR/A,	NOME PROXECTO
Núm. 41. Prezo hora 50€ Mª CRISTINA PIÑEIRO PÉREZ - Dolores Garrido Aguin	1.- Educación en igualdade: prevención da violencia de xénero.

2.- Lote de medios de divulgación do programa.

NÚM. OFERTA, NOME	NOME PROXECTO
Núm. 41 Anónimo Publicidad	Publicidade

2º.- Aprobar a relación de propostas que foron preseleccionas pola comisión de valoración e que segundo o procedemento establecido na base quinta, sexta e sétima do concurso de ideas foron enviadas ás asociacións e vocalías da muller adheridas ao programa para que comuniquen á concellería de igualdade, no prazo establecido para elo, a súa elección:

OFERTAS PRESELECCIONADAS PARA A CONVOCATORIA “CONCURSO DE IDEAS 2007-2008”

NÚM. OFERTA, MONITOR/A, PREZO OFERTA,	NOME PROXECTOS
Núm. 1 Mª LUISA POZO CARBALLIDO 30 EUROS	1.- Aprende a relaxarte
Núm. 2 Mª MERCEDES ACUÑA PÉREZ 33 EUROS	1.- Búsqueda de emprego 2.- A arte de relacionarse ben cos demais
Núm. 3 HELENA PEREZ POSADA 33 EUROS	1.- Curso de percusión e canto tradicional galego
Núm. 4 ANDREA DIGIORGIO BREARD 33 EUROS	1.- Reciclaxe e restauración 2.- As cores das e para as mulleres
Núm. 5 Mª DEL CARMEN LAMAS ESTEVEZ 33 EUROS	1.- Pintura expres (Técnica mixta ráida, acrílico-óleo) 2.- Acuarela (Pintura a auga) 3.- Pintura en tela (Estampación) 4.- Madeira, pintura e decoración 5.- pintura, óleo e acrílico 6.- Pastas moldeables (Miga de pan)

Núm. 6 ALICIA LOPEZ SAN SEGUNDO 33 EUROS	1.- Encadernación 2.- Pintura ao óleo 4.- Masas para modelar
Núm.7 Mª ARÁNZAZU GARCÍA DA SILVA 30 EUROS	1.- Obradoiro sobre sexualidade: o corpo e as emocións 2.- Obradoiro de crecemento persoal e entrenamento en relaxación 3.- Habilidades de conversa para grupos e parellas
Núm. 8 MÓNICA CALVO SERRANO 33 EUROS	1.- Taller de adestramento da memoria 2.- Traballando a intelixencia emocional 3.- Esquecerse do esquecemento 4.- Taller de autoestima, habilidades sociais e solución de problemas 5.- Taller de atención e memoria 6.- Aprender a vivir 7.- Curso de habilidades sociais
Núm. 9 ANA ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ 33 EUROS	1.- Curso básico de fotografía analóxica e dixital
Núm. 10 Mª PILAR LORENZO REPRESAS 25 EUROS	1.- Risa activa: mellorar o sentido do humor
Núm. 11 XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL S. L. L. 33 EUROS - María Barreiro Domínguez - Sandra Rodríguez Quintas - Rocío Cea Martínez	1.- Alfabetización en novas tecnoloxías 2.- Estratexias de comunicación en habilidades sociais 3.- Habilidades prelaborais 4.- Motivación cara ao autoemprego 5.- Adestramento en resolución de conflitos 6.- Técnicas de procura de emprego 1.- Curso de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2.- Grupo de encontro sobre educación para a igualdade de mulleres e homes 3.- Obradoiro de corresponsabilidade, de tarefas no fogar e de coidado 4.- Prevención da violencia de xénero e promoción das relacións de paz 5.- Visualización das mulleres representativas da nosa comunidade 6.- O xogo e o xoguete non sexista 1.- As mulleres ante o consumo de drogas 2.- Obradoiro de educación afectivo-sexual 3.- Curso de mellora persoal 4.- Obradoiro de alimentación e nutrición para mulleres
Núm.12 GUADALUPE GARCÍA FERNÁNDEZ 33 EUROS	1.- Marquetería aplicada ao carei, concha e nacar 2.- Reciclaxe e decoración de obxectos esquecidos no desván 3.- As artes decorativas do cristal 4.- Pintura decorativa sobre tela 5.- Areas decorativas e flores de xabón

	<p>6.- Repuxado de estaño, latón, cobre e aluminio</p> <p>7.- Decoupage e tridimensional (recortes de imaxes impresas)</p>
<p>Núm. 13</p> <p>MARISOL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Tai-chi e Chi-kung (ximnasia suave que relaxa corpo e mente)</p>
<p>Núm. 14</p> <p>PATRICIA MARTÍNEZ LARREA</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Fotografía en branco e negro</p> <p>2.- Fotografía dixital</p>
<p>Núm. 15</p> <p>Mª JESÚS VÁZQUEZ NIETO</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Ioga terapéutico</p> <p>3.- Ximnasia física e mental relaxante</p>
<p>Núm. 16</p> <p>ANTÍA MARCOTE CAL</p> <p>30 EUROS</p>	<p>2.- Cultura galega</p> <p>3.- Cultura brasileira</p> <p>4.- Técnicas de expresión oral</p> <p>5.- Obradoiro de escritura útil</p> <p>6.- Música e lingua portuguesa</p> <p>7.- Teatro e lingua galega</p> <p>8.- Cultura portuguesa</p> <p>9.- Mulleres na literatura en lingua portuguesa</p> <p>10.- Mulleres na literatura galega</p> <p>12.- Obradoiro de lectura</p>
<p>Núm. 17</p> <p>Mª CARMEN PINO FERNÁNDEZ</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Inglés básico de supervivencia</p>
<p>Núm. 18</p> <p>ASOCIACIÓN MULLERES MONITORAS</p> <p>33 EUROS</p> <p>- Nélica Rodríguez Rodríguez</p> <p>- Mª José Tarrío Aba</p> <p>- Nieves Díaz Arza</p> <p>- Eva María Álvarez Iglesias</p> <p>- Mª Pilar Fernández Pérez</p> <p>- Ana González Grande</p>	<p>1.- Comunícate en inglés (clases moi amenas e divertidas)</p> <p>2.- Pintura e decoración de teas</p> <p>3.- Pintura artística decorativa, óleo, acrílico, acuarela e pastel</p> <p>1.- Iniciación á arte floral (artificial)</p> <p>2.- Arte floral natural</p> <p>1.- Repuxado de cerámica e a súa decoración</p> <p>2.- One-Stroke. Multicarga do pincel</p> <p>3.- Especial Nadal (Elaboración de obxectos decorativos de Nadal)</p> <p>4.- Esmalte en frío</p> <p>1.- Curso de ximnasia de mantemento</p> <p>2.- Curso de masaxe</p> <p>3.- Curso de aerobic</p> <p>1.- Spicoestimulación dos sentidos</p> <p>2.- Axilidade mental e prácticas da memoria</p> <p>1.- Pintura artística</p> <p>2.- Pintura en tea</p> <p>3.- Debuxo en carboncillo</p>
<p>Núm. 19</p>	<p>2.- A linguaxe publicitaria sobre as mulleres:</p>

SONIA GONZÁLEZ CIFUENTES 30 EUROS	descodificación e intervención 3.- Creatividade e aproveitamento das capacidades e habilidades persoais 4.- Musicoterapia e sensibilización corporal 5.- Dramatización de contacontos para a vida
Núm. 20 JOSEFINA ALONSO ALONSO 33 EUROS	1.- Fagamos flores de xabón. Candeas e xabóns artesanais 2.- Arranxo floral
Núm. 21 JUDIT SANTOS ALMEIDA 18 EUROS	1.- Prevención na síndrome da coidadora 2.- Prevención da depresión 3.- Prevención da ansiedade 4.- Masaxe e estimulación sensorial
Núm. 22 ASOCIACIÓN OURENSANA DE AEROBIC E FITNESS 30 EUROS - Mª Isabel Rodríguez de la Iglesia - Iria Lugilde Fernández	1.- Ximnasia feminina 2.- Pilates-equilibrium para mulleres 5.- Alimentación e deporte, principios básicos dunha vida saudábel 1.- Danza polinesia 4.- Danza oriental
Núms. 23 e 24 ÁNGELA MARÍA NANTES PÉREZ 25 EUROS	1.- Os modelos femininos e masculinos nos medios audiovisuais: o cine e a televisión 2.- A historia a través das mulleres
Núm. 26 ANIAS ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 33 EUROS - Marisa Maicas Frade	1.- Obradoiro de coñecemento de nós mesmas a través dos temperamentos
Núm. 27 PATRICIA BEIRO SANROMÁN 33 EUROS	1.- Come ben vive mellor 2.- A compra intelixente 3.- Perde peso, gaña vida
Núm. 28 CARLOTA MUÑOZ POSSE 33 EUROS	1.- Alimentación nas distintas etapas da vida 2.- Alimentación e cultura 3.- O pracer dos alimentos
Núm. 30 SABELAOCIO S.L.N.E. 33 EUROS - Mª Carmen Bouza Acosta - Siegrun Bischof - María Josefa Gallego González - Concepción Vilar Branco	1.- Serigrafiado de metais nobres 2.- Pintura en tea 3.- Pastas modelables 4.- Falso “Tiffany’s”: decoración en vidro 5.- Decoupage 6.- Cadros con texturas 7.- Bisutería con abaloiros 1.- A botica da natureza 2.- Beleza e cosmética natural 3.- A vitalidade dos nosos alimentos 1.- Artesanía en coiro 2.- Bricolaxe sinxel para o fogar 1.- Actuacións ante accidentes domésticos 2.- Muller: corpo, mente, saúde

<p>- María Dolores Toucedo Muñoz</p>	<p>1.- Reciclaxe e recuperación de obxectos desgutados</p>
<p>Núm. 31 AULA SISIFO DE FORMACIÓN S.L. 33 EUROS - Silvia Galvan Carrasco - Silvia Alonso Prado - Rosana Araújo Hernández - Cristina Fernández Rivas - M^a Carmen Ledo Rodríguez - Alejandra Garrido Ruíz - Ana Marta Rial Barbará - Eva María Vila Barros - Marina González Ferreiros - Antía González Fernández - María Carmen Lorenzo Vila - Marta Bautista Díaz - Mirian Rodríguez Comesaña - Josefa Costas Gutierrez - Patricia Pinedo Villagarcía - M^a Carmen Paraje Troncoso - Amalia Vicente Álvarez</p>	<p>1.- As mulleres nos contos de fadas</p> <p>1.- Aprendendo a superar os nosos medos 2.- Ti + Eu = Nós 3.- Risoterapia 4.- Comunicación. Claves para melloralala</p> <p>1.- Descubrir e coñecer a historia de Galicia 2.- Un paseo pola historia da arte galega</p> <p>1.- Ioga 2.- Técnicas de relaxación</p> <p>1.- Cestería</p> <p>1.- A historia do cine (As películas que marcaron unha época) 2.- Historia dos medios da comunicación 3.- A democracia española: 30 anos de tolerancia 4.- Cabalgando con Don Quixote</p> <p>1.- O meu primeiro contacto coa lingua inglesa</p> <p>1.- Xogamos co teatro</p> <p>1.- Actividade física, ritmo e pilates</p> <p>1.- Música e movemento</p> <p>1.- ¿E agora que?: redescubrimiento proxectos vitais 2.- Arbitrar, mediar, negociar: nós e os nosos encontros</p> <p>1.- Risoterapia 2.- O xogo como base para o desenvolvemento integral dunha persoa</p> <p>1.- Nocións básicas sobre nutrición e dietética 2.- A alimentación na enfermidade</p> <p>1.- Repuxado en coiro</p> <p>1.- A muller através da pintura</p> <p>1.- Ioga terapéutico 2.- Técnicas de antiestrés</p> <p>1.- Preparacións domésticas e bricolaxe no fogar 2.- Conservas vexetais de excedentes hortícolas 3.- Elaboración de licores caseiros</p>

<p>- Dolores Alonso Lorenzo</p> <p>- Susana Sobral Vega</p> <p>- María José Pérez Corral</p> <p>- Sandra Gabriela Verba</p> <p>- M^a Luisa Prado López</p> <p>- Nuria Couso Prado</p>	<p>1.- Terapias alternativas: a solución máis natural 2.- Masaxe: o segredo está nas túas mans</p> <p>1.- Recuperación e restauración de obxectos de madeira</p> <p>1.- A musicoterapia na vida</p> <p>1.- Alternativas de cambio na vida das mulleres 2.- Relaxación e movemento creativo. Redución do estrés- técnicas corporais 3.- Afectividade e autoestima – Resolución de conflitos</p> <p>1.- Aeróbic, o impartirán as dúas 2.- Tai-Chi e Chi Kung 3.- Sigamos facendo deporte, o impartirán as dúas</p> <p>1.- Cóidate coa actividade física e a masaxe relaxante, o impartirán as dúas 2.- Moito máis que aeróbic</p>
<p>Núm. 32 MARINA BAENA NIETO 15 EUROS</p>	<p>1.- Taller de inglés 2.- Formación e Orientación Laboral 3.- Curso sobre Alzheimer 4.- Coidar a quen coida 5.- Sicomotricidade e Relaxación 6.- Taller de Autoestima 7.- Risoterapia 8.- Taller de memoria</p>
<p>Núm. 33 CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ PESO 30 EUROS</p>	<p>1.- Informática para oficiña 2.- Ofimática e bases de datos 3.- Internet. Recursos na rede 4.- Iniciación á informática</p>
<p>Núm. 34 SGS TECNOS S.A. 33 EUROS - María Montenegro Cobas</p> <p>- María Inés Rey Fernández</p>	<p>2.- Riscos no fogar 3.- Motivación persoal e laboral</p> <p>1.- Iniciación á informática</p>
<p>Núm. 35 GABINETE DE SICOLOXÍA ANDARES 33 EUROS - María Martínez Conde</p> <p>- Cristina García Núñez</p>	<p>1.- ¿Para quen son as flores?. Obradoiro para coidar á persoa que coida. Coidadoras primarias de enfermos. 2.- Orienta a túa brúxula interior: obradoiro de técnicas e habilidades para facilitar o acceso ao emprego, e/ou fomentar o autoemprego feminino. 3.- Emitindo para toda a galaxia. Obradoiro de habilidades de comunicación e resolución de conflitos. 4.- Pra min meu son. Obradoiro de relaxación e musicoterapia.</p> <p>1.- Sexo en tres dimensións. Obradoiro de sexualidade.</p>

	<p>2.- Nemotécnic: obradoiro de memoria</p> <p>4.- Amplíate. Obradoiro de autoestima.</p> <p>5.- Espertando o noso sono. Obradoiro para traballar co sono e as súas dificultades.</p>
<p>Núm. 36</p> <p>RECURSOS GALICIA S.L.</p> <p>32 EUROS</p> <p>- Consuelo Torres Balboa</p>	<p>1.- Xestións virtuais e administración online.</p>
<p>Núm. 37</p> <p>CCAR VALLADARES</p> <p>33 EUROS</p> <p>- Carmen Fernández López</p> <p>- Consuelo Vilasanchez Muñoz</p> <p>- M^a Natividad Vila Costas</p> <p>- Luz Barreiro Ramilo</p> <p>- Pilar Gómez Comesaña</p> <p>- Ana María García Rodríguez</p> <p>- Yolanda Vila Vila</p>	<p>1.- O liderazgo feminino</p> <p>2.- Mulleres pioneiras</p> <p>1.- Como sabe-lo que as demais persoas pensan a través dos seus xestos. A linguaxe do corpo.</p> <p>2.- Como mellora-la comunicación co outro sexo.</p> <p>3.- Habilidades sociais.</p> <p>4.- Técnicas de relaxación e autocontrol emocional.</p> <p>1.- Informática.</p> <p>3.- Retoque de fotografías. Rexuvenece as túas fotos.</p> <p>1.- Ioga.</p> <p>1.- Batuka.</p> <p>2.- Danza Moderna.</p> <p>3.- Hip-Hop.</p> <p>4.- Danza Fusión.</p> <p>2.- Patinaxe artística.</p> <p>1.- Aerobic (exercicios de mantemento físico).</p>
<p>Núm. 38</p> <p>MARÍA MACARENA ALONSO COMESAÑA</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Arte e artesáns e artesás na nosa cidade.</p>
<p>Núm. 39</p> <p>PURI PÉREZ GONZÁLEZ</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Parroquias de Vigo: historia, arte e espazos naturais.</p> <p>2.- Historia e arte en pedra. Vilas históricas.</p> <p>3.- Arquitectura popular da Galiza rural.</p> <p>4.- Edificios históricos de Vigo.</p> <p>5.- Vilas mariñeiras.</p> <p>6.- Artesanía de Galicia.</p> <p>7.- Museos en ruta.</p>
<p>Núm. 40</p> <p>HABITAT CULTURAL S.L.</p> <p>31 EUROS</p> <p>- Agnieszka Morawiecka</p> <p>- M^a Pilar Souelo Viñas</p> <p>- M^a José Fragueiro Troncoso</p>	<p>1.- Socioterapia para mulleres.</p> <p>1.- Coñecerse é quererse.</p> <p>1.- Muller, saúde e medio ambiente.</p> <p>2.- Normas básicas para a elaboración de escritos formais e persoais.</p>

<p>- M^a Inmaculada Alcade Riveiro</p> <p>- Mercedes Torres Santiago</p> <p>- Eva Montes gonzález</p> <p>- Antonia Romero González</p>	<p>1.- Mellora das relacións humanas.</p> <p>2.- Entrenamento da intelixencia emocional.</p> <p>1.- Pilates saudábel para mulleres.</p> <p>1.- Actividade física e lúdica para mulleres.</p> <p>1.- Masaxe terapéutica e relaxante.</p>
<p>Núm. 42</p> <p>MARÍA DOLORES RUIZ GESTOSO</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Navegar por Internet é doado: iniciación á Rede.</p> <p>2.- Navegar por Internet é cousa nosa: xestións online.</p> <p>3.- Navegar por Internet é cousa nosa: a Rede como lugar de encontro e comunicación.</p> <p>4.- O café das doce: o momento para o debate cidadán.</p> <p>5.- O café das seis: tertulia literaria.</p>
<p>Núm. 43</p> <p>CAROLINA IGLESIAS VAZQUEZ</p> <p>NOVA</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Navegar por Internet é cousa nosa: iniciación das mulleres á Rede.</p> <p>2.- Navegar por Internet é cousa nosa: xestións online.</p> <p>3.- Navegar por Internet é cousa nosa: a Rede como lugar de encontro e comunicación.</p> <p>4.- O café das doce: o momento para o debate cidadán.</p> <p>5.- O café das catro: como falar de sexo coas fillas e fillos.</p>

3º.- Excluir a relación de propostas que non foron seleccionadas para impartir as 15 primeiras horas do primeiro cuatrimestre do programa por ningunha das entidades participantes, sen que isto impida que se seleccionen para o 2º cuatrimestre, que serán obxecto doutro expediente e que se realizará xa no ano 2008:

NÚM. OFERTA, MONITOR/A, PREZO OFERTA,	NOME PROXECTOS
<p>Núm. 1</p> <p>M^a LUISA POZO CARBALLIDO</p> <p>30 EUROS</p>	<p>1.- Aprende a relaxarte</p>
<p>Núm. 2</p> <p>M^a MERCEDES ACUÑA PÉREZ</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Búsqueda de emprego</p> <p>2.- A arte de relacionarse ben cos demais</p>
<p>Núm. 4</p> <p>ANDREA DIGIORGIO BREARD</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Recicla e restauración</p>
<p>Núm. 5</p> <p>M^a DEL CARMEN LAMAS ESTEVEZ</p> <p>33 EUROS</p>	<p>2.- Acuarela (Pintura a auga)</p> <p>4.- Madeira, pintura e decoración</p> <p>5.- Pintura, óleo e acrílico</p> <p>6.- Pastas moldeables (Miga de pan)</p>
<p>Núm. 6</p> <p>ALICIA LOPEZ SAN SEGUNDO</p> <p>33 EUROS</p>	<p>1.- Encadernación</p> <p>2.- Pintura ao óleo</p> <p>4.- Masas para modelar</p>

Núm.7 Mª ARÁNZAZU GARCÍA DA SILVA 30 EUROS	1.- Obradoiro sobre sexualidade: o corpo e as emocións 2.- Obradoiro de crecemento persoal e entramento en relaxación 3.- Habilidades de conversa para grupos e parellas
Núm. 8 MÓNICA CALVO SERRANO 33 EUROS	2.- Traballando a intelixencia emocional 3.- Esquecerse do esquecemento 4.- Taller de autoestima, habilidades sociais e solución de problemas 5.- Taller de atención e memoria 7.- Curso de habilidades sociais
Núm. 9 ANA ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ 33 EUROS	1.- Curso básico de fotografía analóxica e dixital
Núm. 10 Mª PILAR LORENZO REPRESAS 25 EUROS	1.- Risa activa: mellorar o sentido do humor
Núm. 11 XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL S. L. L. 33 EUROS - María Barreiro Domínguez - Sandra Rodríguez Quintas - Rocío Cea Martínez	1.- Alfabetización en novas tecnoloxías 2.- Estratexias de comunicación en habilidades sociais 3.- Habilidades prelaborais 4.- Motivación cara ao autoemprego 5.- Adestramento en resolución de conflitos 6.- Técnicas de procura de emprego 1.- Curso de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2.- Grupo de encontro sobre educación para a igualdade de mulleres e homes 3.- Obradoiro de corresponsabilidade, de tarefas no fogar e de coidado 4.- Prevención da violencia de xénero e promoción das relacións de paz 5.- Visualización das mulleres representativas da nosa comunidade 6.- O xogo e o xoguete non sexista 1.- As mulleres ante o consumo de drogas 2.- Obradoiro de educación afectivo-sexual 3.- Curso de mellora persoal 4.- Obradoiro de alimentación e nutrición para mulleres
Núm.12 GUADALUPE GARCÍA FERNÁNDEZ 33 EUROS	1.- Marquetería aplicada ao carei, concha e nacar 7.- Decoupage e tridimensional (recortes de imaxes impresas)
Núm. 14 PATRICIA MARTÍNEZ LARREA 33 EUROS	1.- Fotografía en branco e negro 2.- Fotografía dixital
Núm. 15 Mª JESÚS VÁZQUEZ NIETO 33 EUROS	3.- Ximnasia física e mental relaxante
Núm. 16 ANTÍA MARCOTE CAL	2.- Cultura galega 3.- Cultura brasileira

30 EUROS	<p>4.- Técnicas de expresión oral</p> <p>5.- Obradoiro de escritura útil</p> <p>6.- Música e lingua portuguesa</p> <p>7.- Teatro e lingua galega</p> <p>8.- Cultura portuguesa</p> <p>9.- Mulleres na literatura en lingua portuguesa</p> <p>10.- Mulleres na literatura galega</p> <p>12.- Obradoiro de lectura</p>
Núm. 17 Mª CARMEN PINO FERNÁNDEZ 33 EUROS	1.- Inglés básico de supervivencia
Núm. 18 ASOCIACIÓN MULLERES MONITORAS 33 EUROS - Nélica Rodríguez Rodríguez - Mª José Tarrío Aba - Nieves Díaz Arza - Eva María Álvarez Iglesias - Ana González Grande	<p>2.- Pintura e decoración de teas</p> <p>3.- Pintura artística decorativa, óleo, acrílico, acuarela e pastel</p> <p>1.- Iniciación á arte floral (artificial)</p> <p>2.- Arte floral natural</p> <p>2.- One-Stroke. Multicarga do pincel</p> <p>4.- Esmalte en frío</p> <p>2.- Curso de masaxe</p> <p>3.- Curso de aerobio</p> <p>1.- Pintura artística</p> <p>2.- Pintura en tea</p> <p>3.- Debuxo en carboncillo</p>
Núm. 19 SONIA GONZÁLEZ CIFUENTES 30 EUROS	<p>2.- A linguaxe publicitaria sobre as mulleres: descodificación e intervención</p> <p>3.- Creatividade e aproveitamento das capacidades e habilidades persoais</p> <p>4.- Musicoterapia e sensibilización corporal</p> <p>5.- Dramatización de contacontos para a vida</p>
Núm. 21 JUDIT SANTOS ALMEIDA 18 EUROS	<p>1.- Prevención na síndrome da coidadora</p> <p>2.- Prevención da depresión</p> <p>3.- Prevención da ansiedade</p> <p>4.- Masaxe e estimulación sensorial</p>
Núm. 22 ASOCIACIÓN OURENSANA DE AEROBIC E FITNESS 30 EUROS - Mª Isabel Rodríguez de la Iglesia - Iria Lugilde Fernández	<p>5.- Alimentación e deporte, principios básicos dunha vida saudábel</p> <p>1.- Danza polinesia</p>
Núms. 23 e 24 ÁNGELA MARÍA NANTES PÉREZ 25 EUROS	<p>1.- Os modelos femininos e masculinos nos medios audiovisuais: o cine e a televisión</p> <p>2.- A historia a través das mulleres</p>
Núm. 26 ANIAS ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 33 EUROS - Marisa Maicas Frade	1.- Obradoiro de coñecemento de nós mesmas a través

	dos temperamentos
Núm. 27 PATRICIA BEIRO SANROMÁN 33 EUROS	1.- Come ben vive mellor 2.- A compra intelixente 3.- Perde peso, gaña vida
Núm. 28 CARLOTA MUÑOZ POSSE 33 EUROS	1.- Alimentación nas distintas etapas da vida 2.- Alimentación e cultura 3.- O pracer dos alimentos
Núm. 30 SABELAOCIO S.L.N.E. 33 EUROS - M ^a Carmen Bouza Acosta - Siegrun Bischof - María Josefa Gallego González - Concepción Vilar Branco - María Dolores Toucedo Muñoz	1.- Serigrafiado de metais nobres 2.- Pintura en tea 3.- Pastas modelables 5.- Decoupage 6.- Cadros con texturas 1.- A botica da natureza 2.- Beleza e cosmética natural 3.- A vitalidade dos nosos alimentos 1.- Artesanía en coiro 2.- Bricolaxe sinxel apara o fogar 1.- Actuacións ante accidentes domésticos 2.- Muller: corpo, mente, saúde 1.- Reciclaxe e recuperación de obxetos desgutados
Núm. 31 AULA SISIFO DE FORMACIÓN S.L. 33 EUROS - Silvia Galvan Carrasco - Silvia Alonso Prado - Rosana Araújo Hernández - Cristina Fernández Rivas - Alejandra Garrido Ruíz - Ana Marta Rial Barbará - María Carmen Lorenzo Vila - Marta Bautista Díaz	1.- As mulleres nos contos de fadas 1.- Aprendendo a superar os nosos medos 2.- Ti + Eu = Nós 4.- Comunicación. Claves para mellorala 1.- Descubrir e coñecer a historia de Galicia 2.- Un paseo pola historia da arte galega 1.- Ioga 2.- Técnicas de relaxación 1.- A historia do cine (As películas que marcaron unha época) 2.- Historia dos medios da comunicación 3.- A democracia española: 30 anos de tolerancia 4.- Cabalgando con Don Quixote 1.- O meu primeiro contacto coa lingua inglesa 1.- ¿E agora que?: redescubrimiento proxectos vitais 2.- Arbitrar, mediar, negociar: nós e os nosos encontros 1.- Risoterapia 2.- O xogo como base para o desenvolvemento integral dunha persoa

<p>- Mirian Rodríguez Comesaña</p> <p>- Josefa Costas Gutierrez</p> <p>- Patricia Pinedo Villagarcía</p> <p>- M^a Carmen Paraje Troncoso</p> <p>- Amalia Vicente Álvarez</p> <p>- Dolores Alonso Lorenzo</p> <p>- Susana Sobral Vega</p> <p>- María José Pérez Corral</p> <p>- Sandra Gabriela Verba</p> <p>- M^a Luisa Prado López</p> <p>- Nuria Couso Prado</p>	<p>1.- Nocións básicas sobre nutrición e dietética 2.- A alimentación na enfermidade</p> <p>1.- Repuxado en coiro</p> <p>1.- A muller através da pintura 2.- Técnicas de antiestrés</p> <p>1.- Preparacións domésticas e bricolaxe no fogar 2.- Conservas vexetais de excedentes hortícolas 3.- Elaboración de licores caseiros</p> <p>1.- Terapias alternativas: a solución máis natural 2.- Masaxe: o segredo está nas túas mans</p> <p>1.- Recuperación e restauración de obxectos de madeira</p> <p>1.- A musicoterapia na vida</p> <p>1.- Alternativas de cambio na vida das mulleres 2.- Relaxación e movemento creativo. Redución do estrés- técnicas corporais 3.- Afectividade e autoestima – Resolución de conflitos</p> <p>1.- Aeróbic, o impartirán as dúas</p> <p>1.- Cóidate coa actividade física e a masaxe relaxante, o impartirán as dúas 2.- Moito máis que aeróbic</p>
<p>Núm. 33 CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ PESO 30 EUROS</p>	<p>1.- Informática para oficiña 2.- Ofimática e bases de datos 3.- Internet. Recursos na rede 4.- Iniciación á informática</p>
<p>Núm. 34 SGS TECNOS S.A. 33 EUROS - María Montenegro Cobas</p>	<p>2.- Riscos no fogar 3.- Motivación persoal e laboral</p>
<p>Núm. 35 GABINETE DE SICOLOXÍA ANDARES 33 EUROS</p> <p>- María Martínez Conde</p> <p>- Cristina García Núñez</p>	<p>1.- ¿Para quen son as flores?. Obradoiro para coidar á persoa que coida. Coidadoras primarias de enfermos. 2.- Orienta a túa brúxula interior: obradoiro de técnicas e habilidades para facilitar o acceso ao emprego, e/ou fomentar o autoemprego feminino. 3.- Emitindo para toda a galaxia. Obradoiro de habilidades de comunicación e resolución de conflitos. 4.- Pra min meu son. Obradoiro de relaxación e musicoterapia.</p> <p>1.- Sexo en tres dimensións. Obradoiro de sexualidade. 2.- Nemo-técnic: obradoiro de memoria 4.- Amplíate. Obradoiro de autoestima. 5.- Espertando o noso sono. Obradoiro para traballar co sono e as súas dificultades.</p>

Núm. 36 RECURSOS GALICIA S.L. 32 EUROS - Consuelo Torres Balboa	1.- Xestións virtuais e administración online.
Núm. 37 CCAR VALLADARES 33 EUROS - Carmen Fernández López - Consuelo Vilasanchez Muñoz - M ^a Natividad Vila Costas - Luz Barreiro Ramilo - Pilar Gómez Comesaña - Yolanda Vila Vila	1.- O liderazgo feminino 2.- Mulleres pioneiras 1.- Como sabe-lo que as demais persoas pensan a través dos seus xestos. A linguaxe do corpo. 2.- Como mellora-la comunicación co outro sexo. 3.- Habilidades sociais. 4.- Técnicas de relaxación e autocontrol emocional. 1.- Informática. 1.- Ioga. 2.- Danza Moderna. 3.- Hip-Hop. 4.- Danza Fusión. 1.- Aerobic (exercicios de mantemento físico)
Núm. 38 MARÍA MACARENA ALONSO COMESAÑA 33 EUROS	1.- Arte e artesáns e artesás na nosa cidade.
Núm. 39 PURI PÉREZ GONZÁLEZ 33 EUROS	1.- Parroquias de Vigo: historia, arte e espazos naturais. 2.- Historia e arte en pedra. Vilas históricas. 3.- Arquitectura popular da Galiza rural. 4.- Edificios históricos de Vigo. 5.- Vilas mariñeiras. 6.- Artesanía de Galicia. 7.- Museos en ruta.
Núm. 40 HABITAT CULTURAL S.L. 31 EUROS - Agnieszka Morawiecka - M ^a Pilar Souelo Viñas - M ^a José Fragueiro Troncoso - M ^a Inmaculada Alcade Riveiro - Eva Montes González	1.- Socioterapia para mulleres. 1.- Coñecerse é quererse. 1.- Muller, saúde e medio ambiente. 2.- Normas básicas para a elaboración de escritos formais e persoais. 1.- Mellora das relacións humanas. 2.- Entrenamento da intelixencia emocional. 1.- Actividade física e lúdica para mulleres.
Núm. 42 MARÍA DOLORES RUIZ GESTOSO	1.- Navegar por Internet é doado: iniciación á Rede. 2.- Navegar por Internet é cousa nosa: xestións online.

33 EUROS			3.- Navegar por Internet é cousa nosa: a Rede como lugar de encontro e comunicación. 4.- O café das doce: o momento para o debate cidadán. 5.- O café das seis: tertulia literaria.
Núm. 43 CAROLINA NOVA 33 EUROS	IGLESIAS	VAZQUEZ	1.- Navegar por Internet é cousa nosa: iniciación das mulleres á Rede. 2.- Navegar por Internet é cousa nosa: xestións online. 3.- Navegar por Internet é cousa nosa: a Rede como lugar de encontro e comunicación. 4.- O café das doce: o momento para o debate cidadán. 5.- O café das catro: como falar de sexo coas fillas e fillos.

4º.- Aceptar a renuncia presentada por Marina Baena Nieto (núm. proposta 32), presentada o día 13 de setembro de 2007.

5º.- Autorizar o gasto por importe global de 31.655,76€, distribuídos do seguinte xeito: 20.295,00€ con cargo á partida 463.2.226.06.00 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto vixente para facer fronte á realización dos cursos seleccionados e 11.360,76€, con cargo á partida 463.2.226.02.00 para facer fronte á campaña de publicidade e propaganda do programa, ó abeiro do disposto no art. 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

6º.- Autorizar o réxime excepcional de contrato menor de asistencia técnica e servizos, de conformidade co previsto no art. 201 do RDL 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e ó artigo 72 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas e ás bases do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa da Concellería de Igualdade 2007-2008, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 25 de maio de 2007, co obxecto de contratar as/os monitoras/os que impartirán os cursos e a campaña de publicidade do programa, no que resta do ano 2007 con:

I. Lotes 1,2, 3 e 4 cursos de formación para acadar a igualdade real na vida cotiá, formación persoal e artística, formación sobre a igualdade de oportunidades e a perspectiva de xénero, obradoiros preventivos en prol de hábitos de vida saudable

- Helena Pérez Posada (Proposta 3) NIF: 36.121.129C

Curso: Percusión e canto tradicional

Horas: 15 horas

Vocalías: AV A Nosa Terra de Alcalbre

Prezo hora: 33€

Contía: 495,00 €

- Andrea Digiorgio Breard (Proposta 4) NIF: 36.172.942S

Curso: As cores das de para as mulleres (Pintura-Mulleres pintoras)

Horas: 15 horas

Vocalías: AV Cristo da Victoria (Coia)

Prezo hora: 33€

Contía: 495,00 €

- Mª Carmen Lamas Estévez (Proposta 5) NIF: 34.605.370F

Curso: Pintura expres (Técnica mista rápida, acrílico-óleo)

Horas: 15 horas

Vocalías: AV San Xurxo de Saíans e CCAR Valladares

Curso: Pintura en tela (estampación)

Horas: 15 horas

Vocalías: Federación Peñas Recreativas el Olivo

Prezo hora: 33€

Contía: 1.485,00 €

- Mónica Calvo Serrano (Proposta 8) NIF: 36.083.616C

Curso: Taller de adestramento da memoria

Horas: 15 horas

Vocalías: Asociación de Amas de Casa Agarimo

Curso: Aprender a Vivir

Horas: 15 horas

Vocalías: AV As Nosas Rúas

Prezo hora: 33€

Contía: 990,00 €

- Guadalupe García Fernández (Proposta 12) NIF: 36.033.077N

Curso: Reciclaxe e decoración de obxectos esquecidos no faiado

Horas: 15 horas

Vocalías: AV Praza da Miñooca

Curso: As artes decorativas do cristal

Horas: 15 horas

Vocalías: AV O Freixo e AVV Calvario

Curso: Pintura decorativa sobre tela

Horas: 15 horas

Vocalías: AV Monte da Mina de Castrelos

Curso: Areas decorativas e flores de xabón

Horas: 15 horas

Vocalías: AV Sampaio

Curso: Repuxado de estaño, latón, cobre e aluminio

Horas: 15 horas

Vocalías: AV O Carballo de Sárdoma

Prezo hora: 33€

Contía: 2.970,00 €

- Asociación de Mulleres Monitoras (Proposta 18) CIF: G.36777613
Monitora: Nélida Rodríguez Rodríguez

Curso: Comunícate en Inglés

Horas: 15 horas

Vocalías: AV Val do Fragoso

Monitora: Nieves Díaz Arza

Curso: Repuxado de cerámica e a súa decoración

Horas: 15 horas

Vocalías: AV Agarimo San Xoán Poulo

Curso: Especial Nadal (Elaboración de obxectos decorativos do Nadal)

Horas: 15 horas

Vocalías: AV Teis e AVR San Mamede de Zamáns

Monitora: Eva María Álvarez Iglesias

Curso: Ximnasia de mantemento

Horas: 15 horas

Vocalías: AV A Paz (Dobrada)

Monitora: M^a Pilar Fernández Pérez

Curso: Spicoestimulación dos sentidos

Horas: 15 horas

Vocalías: AVV A Unión de Matamá

Curso: Axilidade mental e prácticas da memoria

Horas: 15 horas

Vocalías: AV Rosalía de Castro da Salgueira

Prezo hora: 33€

Contía: 3.465,00 €

- Josefina Alonso Alonso (Proposta 20) NIF: 39.463.774Y

Curso: Fagamos flores de xabón. Candeas e xabóns artesanais

Horas: 15 horas

Vocalías: Asociación de Mulleres Xestas e AV Camiño Vello (Coia)

Curso: Arranxo floral

Horas: 15 horas

Vocalías: A AA Epa Artes e Oficios, AVV Conde Torrecedeira e AV Doutor José Casas de Bouzas

Prezo hora: 33€

Contía: 2.475,00 €

- Sabelaocio S.L.N.E (Proposta 30) CIF: B.36476752

Monitora: M^a Carmen Bouza Acosta

Curso: Falso “Tiffany's”: decoración en vidro

Horas: 15 horas

Vocalías: Asociación de Muleres Lúa de Bembrive

Curso: Bisuteía con abaloiros

Horas: 15 horas

Vocalías: CCR Cabral

Prezo hora: 33€

Contía: 990,00 €

- Aula Sísifo de Formación (Proposta 31) CIF: B.36888220

Monitora: Silvia Alonso Prado

Curso: Risoterapia

Horas: 15 horas

Vocalías: AV San Miguel de Oia e AV Doutor Fleming

Monitora: M^a Carmen Ledo Rodríguez
Curso: Cestería
Horas: 15 horas
Vocalías: AVV Cabral Feira

Monitora: Eva María Vila Barros
Curso: Xogamos co teatro
Horas: 15 horas
Vocalías: CRAC Coruxo

Monitora: Marina González Ferreirós
Curso: Actividade física, ritmo e pilates
Horas: 15 horas
Vocalías: AV Rúas e Fontes, AV Fonte do Galo e SCRD Nautílius

Monitora: Antía González Fernández
Curso: Música e movemento
Horas: 15 horas
Vocalías: Unión CM de Consumidores/as y Amas del Hogar de Vigo

Monitora: Carmen Paraje Troncoso
Curso: Ioga Terapéutico
Horas: 15 horas
Vocalías: Asociación de Mulleres Rosalía de Castro

Monitora: M^a Luisa Prado López
Curso: Tai-chí e Chi-kung
Horas: 15 horas
Vocalías: AV Beade

Curso: Sigamos facendo deporte
Horas: 15 horas
Vocalías: SCR Pardavila-Lavadores
Prezo hora: 33€

Contía: 5.445,00 €

- CCAR Valladres (Proposta 37) CIF: G.36617082

Monitora: M^a Natividad Vila Costas

Curso: Retoque de fotografía. Rexuenece as túas fotos
Horas: 15 horas
Vocalías: AV Pontenova – Freixeiro

Monitora: Pilar Gómez Comesaña
Curso: Batuka
Horas: 15 horas
Vocalías: AVCD Candeán

Monitora: Ana María García Rodríguez
Curso: Patinaxe artística
Horas: 15 horas
Vocalías: AVC Casco Vello

Prezo hora: 33€

Contía: 1.485,00 €

II) Lote 5 medios de divulgación do programa:

Nome: Boca a Boca Diseño y Comunicación S.L.

CIF B.36986552

Núm. Oferta: 25

Contía: 11.360,76€

7(1939).- CONVALIDACIÓN DE GASTO EN CONCEPTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE. 3043/224.

Examinadas as actuacións do expediente do expediente, visto o informe favorable de fiscalización, do 17.10.07, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 11.10.07, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 21/2007 da “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, con data no Rexistro Xeral o día 10 de outubro de 2007, por un importe total de 13.680,15.-€, en concepto de prestación do servizo de atención domiciliar á Infancia durante o periodo comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2007, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” e bolsa de vinculación xurídica do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, por un importe total de 13.680,15.-€, en concepto de prestación do servizo de atención domiciliar á Infancia durante o periodo comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2007, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” e bolsa de vinculación xurídica do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

3º.- Aboar á “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, por un importe total de 13.680,15.-€, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” e bolsa de vinculación xurídica do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

8(1940).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA MONITORAXE EN CESTERÍA DE VIMBIO DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3972/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 26.09.07, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar disposición de crédito por importe de 283,61 euros na partida 4531.227.06.01 (o bolsa de vinculación), en concepto de revisión de prezos do contrato de d. Antonio Suárez Davila como monitor de cestería de vimbio, acordado na Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005, con cargo á que se pagará o incremento do IPC no período xullo 2006 – xullo 2007. Así pois, o importe final do contrato, aplicados todos os incrementos do IPC que lle corresponden, é de 13.175,32 euros.

9(1941).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA MONITORAXE EN CESTERÍA DE MADEIRA ABERTA E COLMO DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3972/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 27.09.07, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar disposición de crédito por importe de 283,61 euros na partida 4531.227.06.01 (o bolsa de vinculación), en concepto de revisión de precios do contrato de dna. M^a Jesús Barreiro García como monitora de cestería de madeira aberta e colmo, acordado na Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005, con cargo á que se pagará o incremento do IPC no período xullo 2006 – xullo 2007. Así pois, o importe final do contrato, aplicados todos os incrementos do IPC que lle corresponden, é de 13.175,32 euros.

10(1942).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE GASOLINA E GASÓLEO A E C PARA O PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS. EXPTE. 2422/445.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 11.10.07, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 21-06-2004 se adjudicou a Cepsa Comercial Galicia, S.A. a subministración de gasolina e gasóleo A e C para o parque central de servizos por un período de dous anos.

No prego de condicións técnicas establecíase como cantidade máxima prevista para a subministración no ano 2007 a de 230.000 euros.

De acordo co informada polo xefe do Parque Móbil a cantidade soicitada para a anualidade do ano 2007 quedou escasa debido a que os prezos unitarios dos combustibles están a ter un forte crecemento e son máis altos que os que se preveron no ano 2004 data de inicio do contrato (0,77euros litro), e xa en setembro pagouse o litro a de gasoleo a 0,015 euros.

A modificación do contrato, neste caso a ampliación do importe máximo debido a desviación do prezo do combustible, é posible de acordo co artigo 101 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas. No caso que nos ocupa atopámonos no suposto de unha causa imprevista xa que o aumento do prezo do combustible non podía ser prevista no momento que se redactou o prego de condicións técnicas.

Na partida 121.2.221.03.00 existe crédito para afrontar-lo aumento do prezo do contrato.

Por iso, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Modificar o contrato de subministración de de gasolina e gasóleo A e C para o parque central de servizos do concello de Vigo, adjudicado a Cepsa Comercial Galicia, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local de 21-06-2004, no sentido de incrementar en 85.000 euros a anualidade do ano 2007. O gasto con cargo á partida 121.2.221.03.00 do presuposto actual .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1943).- ABOAMENTO DE CUOTAS DA COMUNIDADE A FAVOR DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18184/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 10.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Por parte da Xestora de comunidades e Administradora de Fincas “Maigler”, solicitan o abono á Comunidade de Propietarios do Inmable da rúa República Argentina nº 12-14, por parte deste Concello, da cantidade adeudada en concepto de “cuotas de propietarios”, polos pisos da súa propiedade nos mencionados edificios.

A propiedade por parte do Concello de Vigo resulta acreditada segundo a escritura pública, otorgada o 14 de setembro de 1994, a Xunta de Compensación Urbanizadora da Unidade de execución I-05; Rosalía de castro 1, de Vigo, declarou a obra nova en construción do edificio sito na rúa Republica Argentina 12-14, e constituíno en réxime de propiedade horizontal. En dita escritura adxudicáronse as diferentes entidades das que se compón dito edificio da forma seguinte: O Concello de Vigo, en pago e como contraprestación por aproveitamento da edificabilidade que lle corresponde dentro da unidade do ámbito da unidade de execución..., en total cincuenta vivendas.

As citadas vivendas atopábase pendentes de inscrición rexistral, como fincas independentes.

O importe adeudado por parte do Concello ata o mes de setembro de 2007, ascende, segundo copias das actas de comunidades de propietarios que se achegan no expediente, á cantidade de 5.127,24 euros, perante os meses de xuño a setembro ambos incluídos.

O importe de dito gasto poderase cargar a na partida 12102120005, Mantemento e Comunidades, do vixente presuposto.

Según a Ley de propiedade horizontal, na que se establece que cada un dos propietarios do inmable deberá contribuir proporcionalmente os gastos do inmable, estímase oportuno proceder o pago da debida .

Polo anteriormente expónse, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmable sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.127,24 euros, quedando liquidada a debida coa Comunidade de propietarios ata o 30 de setembro de 2007, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1944).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. EXPTE. 1969/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 4.10.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 17.10.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Producción e Xestión Cultural S.L. A fianza de 7.200 €, constituída para responder da produción das festas do Cristo da Victoria 2007 xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

13(1945).- RECLAMACIÓN DE D. ALEJANDRO MONTES QUIROGA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1174/243. RESPONSABLE CESPA S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alejandro Montes Quiroga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de xullo de 2006, no que expón que sobre o mes de agosto de 2005, o local da súa propiedade (Cervexaría El Tostadero), ubicado na avenida de Castelao nº 15 (Centro Comercial 2 Coia), sufriu unha serie de desperfectos por mor de filtracións ocorridas nos xardíns que discorren por debaixo do local, causándose danos materiais que se valoran en 5.431,68 euros. Nun escrito de data 18 de agosto de 2006, o reclamante corrixe esta cantidade elevándoa a 12.586 euros ás que habería que engadir 3.600 polos danos e perdas orixinados ó ter de permanecer o local comercial pechado durante dous meses.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do Arquitecto Municipal, de data 06/09/2006, que indica que as causas dos danos reclamados poden corresponderse coas reflexadas nun informe pericial presentado polo reclamante elaborada por Red Pericial Consulting; igualmente, cifra a valoración dos danos en 4.831,68 por reparacións e 600 relativos á perda de aluguer.*
- b) Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 04/10/2006, no que indican que o mantemento do estanque que provocou as filtracións corresponde á empresa concesionaria do servizo de mantemento de zonas verdes.*
- c) Informe da U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 23/10/2006, no que indican que as filtracións que padeceu o local eran procedentes do desagüe dunha fonte ornamental, allea ás redes municipais conservadas pola devandita concesionaria.*
- d) Informe da empresa Cespa, concesionaria do servizo de mantemento e reposición de zonas verdes, de data 28/11/2006.*
- e) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 04/12/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- En primeiro lugar é preciso examinar por canto é cuestión discutida no expediente, se o prazo xeral dun ano que o artigo 145.2 da Lei 30/1992 establece para reclamar nos expedientes de responsabilidade patrimonial, ten ou non transcorrido.

E así, se ben a reclamación de responsabilidade patrimonial presentouse o 31/07/2006, consta no informe pericial que o reclamante achega que se ben os grandes desperfectos no local apareceron en agosto de 2005, dando nesta data o propietario aviso á súa compañía aseguradora, estes comezaron non inverno do ano 2002-2003. Os danos foron reparados nos meses de xuño e xullo de 2006.

Non obstante o anterior, no expediente hai documentación, en especial informe de Aqualia de data 18/10/2006, que acreditou que no ano 2004 o propietario do local xa denunciou danos neste e se practicaron actuacións no servizo de Vías e Obras do Concello e pola concesionaria Aqualia no lugar.

En todo caso, indicar que se trata dun suposto de danos continuados, nos que o prazo de prescrición dun ano debe computarse desde que cesa o efecto danoso, tal e como di a Sentenza do Tribunal Supremo do 13/05/1997, que recolle a xurisprudencia das sentenzas que cita referentes a filtracións dun canal ou a danos causados por un colector municipal, como danos producidos ininterrumpidamente estando en presenza dunha lesión continua por permanecer a súa causa ata o seu cese.

Terceiro.- Respecto ó dano, resulta preciso constar a existencia dun dano avaliábel economicamente, e é requisito necesario que a súa efectividade sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na súa produción e no correlativo dereito a ser indemnizado.

Ademais é preciso indemnizar non só o dano emerxente, senón tamén o lucro cesante que comprende as ganancias que se deixaron de obter. Non obstante as expectativas ou ganancias dubidasas ou continxentes non son indemnizábeis (STS 02/10/1999), sen que estas poidan depender tampouco de apreciacións subxectivas.

E así, se ben se reclaman danos materiais en contía de 12.586,00 euros e consonte cunha factura de reparación que se achega, e en concepto de lucro cesante por peche do local en contía de 3.600 euros, sen documentación que o avale, hai informe pericial de CAP Red pericial consulting de asesores periciais que o reclamante achega que avalía estes danos en 4.831,68 euros e de arranxos en 600 euros, relativos á perda do aluguer. A estes efectos solicitouse informe ó Arquitecto municipal do Concello que foi emitido en data 06/09/2006 e que consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, e no que se considera a valoración feita no informe pericial mencionado máis acorde cos feitos por canto no que respecta ós danos reclamados estima que ademais de corresponderse cos reflectidos nel o son coa falta de capacidade de estanqueidade da edificación na que se produciron as filtracións.

Cuarto.- Constatado o dano, é preciso tal e como esixe o artigo 139 da Lei 30/1992 que o evento danoso sexa consecuencia do funcionamento dun servizo público, nunha relación de causa-efecto, sen que o dano sexa producido por forza maior.

E do exame do expediente, en especial informe mencionado do arquitecto municipal e informe da concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga de 18/10/2006 que indica que da documentación existente nos seus arquivos se indica que as filtracións do local procedían do desagüe da fonte ornamental que se atopa nas súas inmediacións resulta acreditado o dito nexo causal. O servizo de Montes, parques e xardíns de 04/10/2006 informe que o seu mantemento é competencia da empresa concesionaria do mantemento de zonas verdes.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou en sesión de 29/03/2005 adxudicarlle a Cespa S.A. o concurso para a contratación do mantemento e conservación de zonas verdes do Concello con efectos de 1 de maio do mesmo ano, segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente, contrato formalizado en data 06/06/2005. Previamente, Cespa desde o 01/01/1999 foi así mesmo adxudicataria do servizo.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Cespa S.A., por canto de conformidade co relatado das cláusulas que rexen a contratación, resulta obrigada ó seu mantemento e reposición.

Na cláusula 4.2.2 do prego de bases técnicas, dentro das labores que acada o servizo, inclúense a reparación ou substitución e mantemento propio de todos os elementos incluídos no perímetro da zona verde adxudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia ben sexa polo seu propio uso ou a consecuencia de actos vandálicos sufran un deterioro que fagan aconsellábel a súa reposición.

Por outra banda na cláusula XIX do prego de cláusulas administrativas establécese como obriga do adxudicatario a de responder dos danos e perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo tanto á Administración municipal, como a terceiros, así como da subscripción dunha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil. Tamén na cláusula XXIII deste prego establécese que será pola conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza ocasionados a terceiros como consecuencia da boa, mala ou nula realización dos traballos.

Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alejandro Montes Quiroga.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a CESPAS S.A., empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de conformidade co establecido na cláusula XIX do prego de cláusulas administrativas deste servizo, debendo a dita empresa indemnizar ó Sr. Montes na contía de 5.431,68 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1946).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA A. GARCÍA-PAZ PEREIRA (D. JOSÉ MANUEL CABALEIRO PORTELA E DE D^a.REBECA CABALEIRO GONZÁLEZ) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1164/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 17.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María A. García-Paz Pereira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. José Manuel Cabaleiro Portela e de Dna. Rebeca Cabaleiro González, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xullo de 2006, no que expón que o día 15 de decembro de 2005, o Sr. Cabaleiro Portela circulaba co vehículo de propiedade da Sra. Cabaleiro González, matrícula PO-0982-BS, polo túnel de Beiramar e perdeu o control do mesmo, ó esvarar por mor da presenza dun líquido esvaradío (gasóleo) na vía, provocándose danos físicos á súa persoa e materiais ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, de data 15/12/2005, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Cabaleiro relátalles o accidente que tiveran; igualmente, comprobán a existencia de aceite na vía e de danos no vehículo.

- b) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/10/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 2577 de Automoción Dos ABN, presentada polos reclamantes, por un valor de 4.582 IVE incluído son correctos.
- c) Informe do servizo de Limpeza, de data 13/10/2006, no que indican que, tras recibir unha chamada de aviso da Policía Local, operarios da empresa contratada para a limpeza viaria dirixíronse ó lugar dos feitos ás 07:35 horas para realizar a limpeza dunha mancha de gasóleo.
- d) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 5.503,81 euros.
- e) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. IMES/ESYCSA, concesionaria do servizo de mantemento do túnel de Beiramar, que formula alegacións en data 21/03/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos. Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Constátase no expediente que o vehículo Volkswagen Polo, matrícula PO-0982-BS de propiedade de Dna. Rebeca Cabaleiro González e conducido por D. José Manuel Cabaleiro Portela, sufriu danos o día 15/12/2005 na súa parte frontal por valor de 4.582 euros, cando circulando no interior do túnel de Beiramar en Vigo o dito condutor perdeu o control ó esvararse por mor dun líquido esvaradío que os axentes da Policía Local que acudiron ó lugar con posterioridade apreciaron se trataba de gasóleo. Tamén os ditos axentes comprobaron que o líquido mencionado non procedía do vehículo implicado senón dun verquido producido con anterioridade e presumibelmente realizado por algún camión ó seu paso pola zona, sen que se puidese averiguar a identidade do causante. Os axentes, que acudiron ó lugar ás 07:00 horas do día requiriron a presenza dunha dotación do servizo de limpeza, dirixíndose ó lugar ás 07:35 horas operarios do servizo da empresa contratada ó efecto, cortándose a vía ó tráfico desde o mesmo momento da chegada dos axentes ó lugar ata restaurar a seguridade na vía coa citada limpeza.

Terceiro.- Reclámanse así mesmo 4.775,10 euros por lesións a consecuencia do accidente no condutor e 6,05 euros por compulsas de documentos.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da súa pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto lexislativo 429/1993, de 26 de marzo). Polo que respecta os danos que poidan ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo probado, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, e é preciso que entre a lesión e o funcionamento do servizo exista un nexo de causalidade obxectivo que resulte que aquela é consecuencia deste nunha relación causa-efecto (Sentenzas do Tribunal Supremo de 03/10/2000 e 09/05/2005).

Ademais, caso de resultaren probados os feitos anteriores, hai un dato a ter en conta: e que é que o reclamante é un traballador por conta allea, que estivo de baixa no período de 16/12/2005 ó 13/02/2006 por accidente laboral “in itinere”, percibindo prestacións por este concepto. E isto por canto de conformidade coas últimas sentenzas do xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Vigo (entre outros, 07/05/2007, 10/09/2007 e 12/09/2007), que aplica a doutrina sentada polo Tribunal Supremo na súa sentenza de 29/06/2002, as cantidades percibidas na súa baixa laboral por ese concepto terían que se ter en conta para proceder á minoración da indemnización, por canto do contrario produciríase un suposto de enriquecemento inxusto para o lesionado.

En todo caso, se ben resulta acreditado que o reclamante recibiu asistencia médica ese día por lesións, non resulta debidamente probado que estas se produciron a consecuencia do accidente reseñado por canto o parte dos axentes da Policía local de Vigo expresamente refire que o condutor saíu ileso e se ben na asistencia médica refírese a accidente de tráfico, isto o é segundo as propias manifestacións do interesado, manifestacións que segundo a doutrina (ditame do Consello Consultivo de Galicia 2/2005, entre outros) carecen dunha mínima eficacia probatoria.

Cuarto.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a súa orixe e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abondas para detectar e despexar a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07/10/1997 e 03/12/2002).

E así o Tribunal Supremo na súa sentenza de 11/02/1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexo causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Administración no mantemento público de viais.

A certeza de que a mancha de gasóleo non proviña de ningunha obra ou actuación que estivese a realizar o Concello leva a admitir que quedou aí depositado por unha circunstancia imputábel a un terceiro, polo que se rompe a necesaria relación de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público, tendo en conta ademais que resulta acreditado por informe do servizo de Limpeza do Concello e da propia Policía local que actuou con prontitude e dilixencia tras ocorrer o suceso, procedendo inmediatamente ó peche ó tráfico do túnel mentres se limpaba.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María A. García-Paz Pereira en nome e representación de D. José Manuel Cabaleiro Portela e de Dna. Rebeca Cabaleiro González polos danos físicos e materiais ocasionados durante un accidente no túnel de Beiramar, ocorrido o día 15 de decembro de 2005”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1947).- RECLAMACIÓN DE D. SERAFÍN CARIDE FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1230/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 19.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Serafín Caride Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de setembro de 2006, no que expón que o día 18 de febreiro de 2006, a bodega da vivenda da súa propiedade, ubicada no camiño Fonte das Bechas nº 12 en Candeán, sufriu unha inundación ó atascarse a tubería da rede pública de saneamento de augas, causándose danos materiais que se valoran en 2.710,59 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 23/10/2006.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/03/2007, no que indican que a titularidade do colector onde se produciu a rotura na data do accidente non era municipal.*
- c) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 13/09/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

O reclamante éo en concepto de danos na rede de saneamento particular da súa vivenda, no seu xardín que tivo que levantar e nos paramentos e enseres que había no seu interior. Ós efectos de proba achega copia do documento de liquidación da súa compañía aseguradora “Estrella seguros” que no seu “Resumo pericial” que inclúe, verifica danos, a consecuencia dun atasco o 18/02/2006 na rede municipal de saneamento na zona da arqueta xeral, afundimentos duns 2 m² de beirarrúa segundo manifestacións do interesado, e danos na bodega que especifica. É de destacar que nel consta como a aseguradora iniciou os traballos de reparación, retirando o reparador á vista de que o asegurado realizou pola súa banda outros traballos que entendía non eran consecuencia do sinistro, indicando que o asegurado quere que se repare máis metros cadrados dos indicados ó inicio dos traballos. O documento contén unha proposta de liquidación por importe de 1.646,15 euros. Achega tamén factura de sementado de céspede no seu xardín por importe de 132,34 euros, así como factura de empresa adicada a reformas íntegras de cociñas-baños de data 03/05/2006, en aparencia ambos sen ningunha relación cos danos relatados no informe da aseguradora.

Por outra banda, na tramitación do expediente recabáronse distintos informes. E así, solicitado informe á empresa concesionaria Aqualia o 17/10/2006, indica que o colector orixe do sinistro é de titularidade privada e non forma parte da rede municipal de saneamento. Á vista deste informe solicitouse do servizo de Vías e Obras do Concello que informase, emitíndose o 05/03/2007 e no que se sinala: “a titularidade do colector onde se produciu a rotura, na data dos danos, non era municipal”.

Á vista do anterior, e consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, procede concluír que resulta acreditado no expediente que á vista da falta de titularidade pública do colector mencionado, nin ó Concello de Vigo, nin en consecuencia á concesionaria Aqualia, pódese imputar ningunha responsabilidade por mor dos feitos acontecidos en data 18/02/2006.

En mérito ó que antecede, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Serafín Caride Fernández, por canto o Concello de Vigo non era titular do colector orixe do sinistro, e consecuentemente tiña tampouco asumidas competencias a concesionaria Aqualia respecto ó seu mantemento e conservación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1948).- RECLAMACIÓN DE Dª. ANA MARÍA SANTOS MELERO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 446/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 18.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ana María Santos Melero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de decembro de 2004, no que expón que o día 5 de decembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Venezuela, á altura do número 67, tivo unha caída, por mor dunha baldosa partida, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/02/2005, manifestando que o lugar do accidente corresponde a unha acometida de gas, feita por Gas Galicia.

Informe do servizo da Policía Local, de data 18/02/2005, no que os axentes actuantes indican que, persoados no lugar dos feitos, unha testemuña (Dna. Carmen Molares Bernárdez) relátalles o accidente que tivera a Sra. Santos e que esta fora trasladada ó Hospital Xeral; igualmente, comprobán a existencia da baldosa solta que, ó ser pisada, desprazábase tres ou catro centímetros.

Informe da empresa Gas Galicia, de data 17/03/2005.

Práctica de proba testifical, en data 31/05/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Santos.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.859,50 euros.

Evacuase trámite de audiencia á empresa Gas Galicia, que formula alegacións en data 19/09/2007.

Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 28/09/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Hai no expediente informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/02/2005, consonte o desperfecto que a reclamante indica como causa do accidente se trata dun repisamento da acometida de gas feita por Gas Galicia, empresa privada, allea á prestación de servizos públicos municipais deste Concello. Gas Galicia, a quen se lle solicitou informe no expediente nega a súa responsabilidade nos feitos pero non obstante indica que,

sendo unha empresa privada, calquera reclamación que se lle efectúe ten que ser dirimida ante a xurisdición civil, á que se atopa sometida por imperativo legal.

Acreditado consonte o informe do servizo de Vías e Obras mencionado, que consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro alleo a esta Administración, é polo que procede desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por falta de lexitimación pasiva do Concello de Vigo.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ana María Santos Melero por unha caída ocorrida o día 5 de decembro de 2004 na rúa Venezuela, por canto o Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no presente procedemento”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1949).- RECLAMACIÓN DE D^a. BELÉN LAÍZ MOREIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 856/243. RESPONSABLE UTE CONTENUR S.L./OTTO INDUSTRIAL S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 18.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Belén Laiz Moreira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de decembro de 2005 no que expón que o día 1 de decembro de 2005, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade pola rúa Fotógrafo Xosé Gil, á altura do número 12, este foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informe do servizo da Policía Local, de data 26/12/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos indicados.

Informe do Parque Móbil, de data 01/01/2006, comunicando que os prezos contidos no informe de valoración de Talleres Fariña, presentado pola reclamante, por un importe de 949,88 euros IVE incluído, son correctos.

Práctica de proba testifical, en data 16/02/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Laiz.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 13/06/2007.

Trámite de recabación de informe á compañía Línea Directa Aseguradora, que emite informe o 24/05/2007.

Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contenur/Otto, concesionaria do servizo de subministración e mantemento de colectores, que formula alegacións en data 26/09/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica e que a causa do choque foi o desprazamento polo vento do colector de lixo, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son subministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, colectores subministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto lexislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que:

Segundo a proba testifical practicada a testemuña viu como o colector se desprazaba pola calzada, golpeando o vehículo, sendo as condicións climatolóxicas adversas, sufrindo o vehículo danos no seu lateral dereito.

A reparación dos danos causados foi asumida por Línea Directa, aseguradora do vehículo, facéndose cargo a reclamante da franquía establecida na póliza de seguro por importe de 150 euros.

Do anterior, resulta que sendo as condicións climatolóxicas adversas, sen que resulte acreditada non obstante ningunha causa de forza maior, o colector, que tiña o seu sistema de freado deteriorado, foi desprazado por circunstancias da climatoloxía ata a calzando, topando co vehículo que circulaba polo lugar, polo que é obvio que nos atopamos ante un dano que é consecuencia directa do funcionamento dun servizo público que o particular non ten a obriga xurídica de soportar, ó estar o colector deteriorado no seu sistema de freado.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público, aínda que este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adxudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenur España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.

Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, imponen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel No mesmo senso pronunciase o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.

Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de responder de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar en parte a reclamación de Dna. Belén Laíz Moreira.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Contenur S.L./ Otto Industrial S.A., concesionaria do servizo municipal de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por incumprimento do artigo X punto 2 do prego de condicións administrativas que rexe a concesión e de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 150 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1950).- RECLAMACIÓN DE Dª. MARÍA TERESA LUCIARTE PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1167/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 17.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Teresa LuciarTE Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xullo de 2006, no que expón que o día 20 de xuño de 2006, cando baixaba dun autobús de Vitrassa na praza de Eugenio Fadrique, sufriu unha caída por mor da existencia dunha focha na vía, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informe do servizo da Policía Local, de data 03/08/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/10/2006, sobre o estado do lugar no que ocorreu o accidente.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 847,89 euros.

Práctica de proba testifical, en data 26/04/2007, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. LuciarTE.

Evacuouse trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 15/05/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditados que:

- a) Dna. María Teresa Luciarte Pérez caeu o día 20/06/2006 cando ó baixar dun autobús de Vitrasa na praza de Eugenio Fadrique introduciu un pé nunha fochanca que había no lugar.*
- b) Segundo informa o servizo de Vías e Obras o 26/10/2006, a fochanca ten como función a de localización de arquetas de servizos, non sendo polo tanto un defecto, e podéndose ver a cinco metros de distancia.*
- c) A consecuencia da caída sufriu danos corporais que segundo o parte de asistencia en Urgencias o foron dunha escordadura leve no nocello dereito. Se ben os feitos tiveron lugar o 20/06 achega parte de baixo laboral de 26/06, no que constan como diagnóstico escordaduras e torceduras de nocello e pé, cunha alta laboral o 07/07 seguinte.*
- d) De conformidade coa proba testifical practicada, cando aconteceron os feitos era de día e había boa visibilidade no lugar, e o buraco víase ó baixar do autobús.*

Resulta acreditado así mesmo dos partes de baixa e alta laboral que se achegan que Dna. María Teresa é unha traballadora por conta allea e que no período de baixa laboral percibiu prestacións ó cargo do INSS, o que, consonte coas sentenzas que ten ditado o xulgado contencioso administrativo nº 2 de Vigo en datas recentes (entre outras, 126/2007, 207/2007 e 210/2007), tería que se ter en conta no suposto de estimarse a responsabilidade patrimonial do Concello por canto as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral minorarían a indemnización a recoñecer, conforme o criterio sentado polo Tribunal Supremo na súa sentenza de 29/06/2002, por canto de outro xeito produciríase un enriquecemento inxusto no interesado.

Cuarto.- No expediente resulta acreditado que a fochanca do rexistro era visíbel ó baixar do autobús, así como que era de día e había boa visibilidade no lugar.

Consecuentemente e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano, e seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Quinto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Teresa Luciarte Pérez por unha caída ocorrida o día 20 de xuño de 2006 na praza de Eugenio Fadrique, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1951).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANGELES LÓPEZ GÓMEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1168/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 17.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ángeles López Gómez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de xullo de 2006, no que expón que o día 24 de xaneiro de 2006, mentres camiñaba pola Baixada á Igrexa, sufriu unha caída á altura do número 72, por mor dunha gabia que non se atopaba nin tapada nin sinalizada, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, de data 24/01/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, uns axentes do Corpo Nacional de Policía indícanlles que a Sra. López fora trasladada en ambulancia ó hospital con posíbel escordadura de nocelo; igualmente, comprobán a existencia dunha pequena focha no lugar.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 22/09/2006, sobre o estado do lugar no que ocorreu o accidente.

Informe da Dirección xeral da Policía e da Garda Civil, de data 25/10/2006, no que manifestan que persoada no lugar dos feitos unha dotación de Atención ó Cidadán, a Sra. López relátalle o accidente que tivera, comprobando igualmente a existencia dunha focha no lugar.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 871,20 euros.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 22/12/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditados que:

- a) Non hai testemuñas directas dos feitos.*
- b) O informe da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil de data 25/10/2006 recolle as manifestacións da propia interesada.*
- c) Os partes de asistencia médica refiren uns danos corporais dos que a reclamante foi atendida, pero non ós feitos en si.*

En todo caso, hai no expediente informe do servizo de Vías e Obras de data 22/09/2006 que di que o rebaixe existente no pavimento o era debido a que o vial fora asfaltado, utilizando ese sistema para localizar e recrecer as arquetas dos diferentes servizos, así como que ten forma circular e un diámetro duns 35 centímetros, sendo a súa profundidade de 7 centímetros, e en condicións normais e fixando a vista podíanse ver a máis de cinco metros.

Non se acredita polo tanto a caída da reclamante no lugar mencionado e polo tanto tampouco que os danos corporais dos que foi atendida no servizo de Urxencias o foron a consecuencia da dita caída e do funcionamento dun servizo público municipal. En todo caso o rebaixe da arqueta era visíbel a distancia, polo que caso de producirse esta estímase que o accidente tivo a súa causa nunha circunstancia pertencente á esfera de imputabilidade da propia vítima do dano. E seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ángeles López Gómez por unha caída ocorrida o día 24 de xaneiro de 2006 na Baixada á Igrexa, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1952).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DAS DEPENDENCIAS DO MERCADO DA RÚA PROGRESO. EXPTE. 1/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23.10.07 e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Contratación, do 4.10.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de proxecto de reforma e acondicionamento das dependencias do mercado da Rúa Progreso redactado polos Arquitectos Municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez Cadarso.

2º.- Autorizar o gasto de 330.184,14 euros para a execución das obras do proxecto de proxecto de reforma e acondicionamento das dependencias do mercado da Rúa Progreso que se imputaran a partida 121.632.00.00. dos presupostos dos anos 2007 e 2008

3º.- Aprobar oprego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado da execución das obras do proxecto de proxecto de reforma e acondicionamento das dependencias do mercado da Rúa Progreso.

4º.- Solicitar ofertas al menos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

21(1953).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL(OEP- 2005). EXPTE.17769/220.

SEGUNDO.- Esta axuda vaise invertir no fomento e promoción dos recursos turísticos de Vigo, entre outros, na iluminación de elementos patrimoniais claves no imaxinario colectivo da cidade como é a Igrexa Santiago de Vigo, por solicitude da Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra e coa colaboración da Diócese de Tui-Vigo e da súa comunidade parroquial, conmemorando o cen aniversario da súa construción.

TERCEIRO.- O Concello de Vigo vai executar o proxecto de iluminación artística da Igrexa parroquial de Santiago de Vigo dependente da Diócese de Tui-Vigo, para resaltar os valores arquitectónicos e simbólicos deste edificio e facilitar o uso público do espazo circundante.

Polo devandito convénense as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é dinamizar o uso e disfrute cidadá do contorno da Igrexa de Santiago de Vigo e resaltar o valor arquitectónico e simbólico do mesmo, como referente no mapa cognitivo da cidade.

SEGUNDA.- Para a execución do presente convenio o Concello de Vigo executará o proxecto de instalación de sistemas de iluminación artística na Igrexa de Santiago de Vigo (anexo I) consonte co previsto no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para obras de mellora de infraestructuras e servizos turísticos da cidade, asinado o 19 de maio de 2005 (anexo II) polo que se destinaría a este fin un máximo de 100.000 € do monto previsto na anualidade de 2007, con cargo a partida 7510.6320000 “iluminación edificios históricos”.

TERCEIRA.- A Diócese de Tui-Vigo presta a súa conformidade ó proxecto e autoriza a actuación que debe realizarse no edificio e aledaños, consonte coa normativa de aplicación.

CUARTA.- A Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra, comprométese a desenvolver unha programación de actividades de dinamización socio-cultural, que se achega no anexo III e a comunicar con antelación mensual dos cambios que na mesma se poideran producir. Antes do fin do convenio presentará a correspondente memoria avaliativa da programación.

Asemade, A Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra, preocuparase do cumprimento exhaustivo por parte da empresa contratada das datas de execución da instalación de todos os sistemas de iluminación artística.

QUINTA.- Co obxecto de asegurar a execución do presente convenio, así como da resolución das dúbidas que xurdan, crearase unha comisión de seguemento, integrada por un representante da Consellería de Turismo, Comercio e Industria, nomeado polo Tenente de Alcalde, un representante da Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra e un representante da Diócese de Tui-Vigo.

SEXTA.- Os acordos serán aprobados por consenso, e inmediatamente executados.

SEPTIMA.- O Concello de Vigo queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio, así como tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

OITAVA.- O prazo de vixencia do presente convenio comezará o día da sinatura do mesmo e rematará o día 31 de decembro de 2008.

E en proba de conformidade, as partes asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio no lugar e data indicados.

43(1975).- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CÁMARA MUNICIPAL DE ALBUFEIRA E O CONCELLO DE VIGO EN MATERIA DE TURISMO, CULTURA, PATRIMONIO, DEPORTES E XUVENTUDE. EXPTE. 31/107.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 25.10.07, e de acordo co informe-proposta do tenente de alcalde e concelleiro-delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Protocolo de Colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e A Cámara Municipal de Albufeira para reforzar os lazos de amizade entre os dous Municipios, cooperar para o benestar das dúas cidades e para o desenvolvemento das súas relacións mútuas e para promocionar recíprocamente o patrimonio natural, histórico e cultural dos dous Municipios.

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CAMARA MUNICIPAL DE ALBUFEIRA E O CONCELLO DE VIGO

En, Vigo a 2 de novembro de 2007

REUNÍDOS

Dunha parte, Don Santiago Domínguez Olveira, Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Turismo, Comercio, Industria e Casco Histórico do Concello de Vigo, con enderezo na Praza do Rei s/n de Vigo,

E doutra, Don Desidério Jorge da Silva, Presidente da Cámara Municipal de Albufeira, con enderezo no Rúa do Municipio de Albufeira,

EXPOÑEN

1.- A Cámara Municipal de Albufeira e o Concello de Vigo pretenden reforzar ca sinatura deste Protocolo de Colaboración os seus lazos de amizade, e traducir así a vontade expresa dos seus responsables políticos.

2.- A intención dos dous asinantes é cooperar para o benestar das dúas cidades e para o desenvolvemento das súas relacións mútuas.

3.- Promocionarán recíprocamente o patrimonio natural, histórico e cultural dos dous Municipios.

4.- Os asinantes atestiguan o seu empeño en mobilizar, entorno deste Protocolo, esforzos e iniciativas comúns para garantir a súa eficacia.

5.- Os Municipios de Albufeira e Vigo intensificarán relacións de prioridade en puntos comúns, especialmente na área de Turismo.

6.- Existen outros ámbitos, como a Cultura, Patrimonio, Xuventudes e Deportes onde os asinantes demostran pleno interese en cooperar para o seu desenrolo.

Segundo o antedito, os asinantes acordan aprobar o presente Protocolo de Colaboración, que se rexirá polos seguintes artigos.

ARTIGO 1 OBXETIVOS

1.1 O presente protocolo de Colaboración ten como obxectivo as seguintes áreas:

*Turismo
Cultura e Patrimonio
Deportes e Xuventudes*

1.2 Os asinantes poderán definir, previo acordo, outras áreas de cooperación, ademáis das referidas anteriormente.

ARTIGO 2 FORMAS DE COOPERACIÓN

2.1 A cooperación dos asinantes desenvolverase a través de:

- a) Encontros entre representantes de ambas partes.*
- b) Definición e realización de proxectos.*
- c) Lograr os financiamentos necesarios para a realización de proxectos definidos por común acordo.*

- d) Intercambios e encontros nas áreas definidas no Artigo 1.*
- e) Intercambio de información e documentación técnica nas áreas definidas no Artigo 1.*

ARTIGO 3 DEFINICIÓN DOS PROXECTOS

3.1 Os proxectos específicos serán definidos de común acordo.

3.2 Anualmente farase un balance das actuacións dos diferentes programas e proxectos.

ARTIGO 4 TURISMO

4.1 Os asinantes cooperarán de forma institucional e loxística na promoción das respectivas marcas turísticas nos dous Municipios.

4.2 Se encargarán de confeccionar o mailing do sector para a presentación dos Municipios a sociedade.

4.3 Colaborarán conxuntamente na organización dos programas de promoción na cidade encargada de acoller a presentación.

4.4 Recomendaranse distintas ubicacións posibles para as presentacións segundo as necesidades do Municipio que se promocióne.

4.5 En caso de que as promocións teñan lugar nas rúas comerciais da cidade, o Municipio que acolle as presentacións comprométese a xestionar os permisos necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4.6 Os asinantes comprométese a inserción dos logotipos dos dous Municipios en toda a propaganda e publicidade que se edite con motivo das promocións. O texto que figurará nas publicacións será “Colabora: Concello de Vigo ou Cámara Municipal de Albufeira”.

- 4.7 Os dous municipios comprométense a promoción turística mediante intercambio de información e folletos nas oficinas de turismo municipais.
- 4.8 Os Departamentos e os Técnicos de Turismo dos dous Municipios intercambiarán información mútua sobre eventos relevantes relacionados co Turismo. Na medida do posible, potenciarán o contacto directo entre as axencias locais responsables da promoción turística.
- 4.9 Os Técnicos de Turismo das dúas cidades valorarán e executarán proxectos comúns que se traduzcan nunha efectiva valorización dos respectivos patrimonios turísticos.

ARTIGO 5 CULTURA E PATRIMONIO

- 5.1 As Institucións e Organismos culturais dos dous Municipios desenvolverán formas de cooperación para a promoción cultural.
- 5.2 O Protocolo estudiará a posibilidade de intercambiar exposicións de arte e reunións de artistas e estudantes co intercambio de información nesta área específica. A cidade de Albufeira xestionará as actividades culturais da cidade de Vigo realizadas en Albufeira. E, a cidade de Vigo xestionará as actividades culturais da cidade de Albufeira realizadas en Vigo.
- 5.3 A eventual cooperación entre grupos profesionais e promotores será analizada polos dous Municipios. A execución de proxectos específicos dependerá do acordo previo entre os asinantes e está suxeito ás posibilidades económicas dos dous Municipios.
- 5.4 Os representantes dos Departamentos de Cultura dos dous asinantes concretarán as posibilidades para a execución dos proxectos comúns.
- 5.5 As posibilidades de colaboración entre as Bibliotecas e Museos Municipais dos Municipios asinantes serán estudadas polas dúas partes.
- 5.6 Os asinantes procurarán promover mutuamente todo tipo de iniciativas para o desenvolvemento e promoción do patrimonio cultural.

ARTIGO 7 DEPORTES E XUNVENTUDE

- 7.1 Os asinantes procurarán executar un programa de intercambio deportivo entre os rapaces.
- 7.2 O futuro programa de intercambio deportivo será supervisado polos dous asinantes.
- 7.3 A forma de participar neste intercambio deportivo será semellante ós campamentos de verán, fortalecendo o aprendizaxe mutuo dos valores histórico-culturais dos dous Municipios.
- 7.4 As dúas cidades porán a disposición as súas infraestructuras municipais para a realización deste intercambio.
- 7.5 Os Departamentos de Deportes dos dous Municipios intercambiarán información mutua sobre as áreas da súa competencia.
- 7.6 Os dous asinantes potenciarán os contactos directos entre os clubs deportivos de Albufeira e Vigo. A execución dos proxectos específicos dependerá dos recursos financeiros das dúas Entidades.

ARTIGO 8 ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

8.1 O presente Protocolo entrará en vigor inmediatamente despois da súa ratificación polos órganos competentes.

8.2 O presente Protocolo é válido por un período de 2 (dous) anos, prorrogable outro ano máis.

ARTIGO 9 RESCISIÓN

O presente Protocolo de Colaboración poderá ser rescindido por mútuo acordo ou unilateralmente, mediante aviso formal e oficial previo cunha antelación mínima de 6 (seis) meses.

Asinado en Vigo, o de de 2007.

44(1976).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS:

d) RÚA SANTIAGO 35. EXPTE. 220/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 9.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 08/10/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ SANTIAGO 35, 1º e 2º, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 09 de marzo de 2007 (remate das fases 4ª, 5ª e 6ª).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Rafael Ferradáns Villar (DNI/NIF nº 36007328T) a axuda de 10000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 5.000,00 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 5.000,00 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 10000 euros con cargo á partida 4320.7800500 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

e) RÚA CRUCEIRO VELLO 3. EXPTE. 324/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 9.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 08/10/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en CRUCEIRO VELLO (RUA) 003, , executadas ao abeiro do Convenio entre o CVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Humberto González Martínez (DNI/NIF nº 36.021.881-V) a axuda de 5770,49 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 2885,25 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 2885,24 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 5770,49 euros con cargo á partida 4320.7802200 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

f) RÚA SEBASTIÁN ELCANO 1, 2º E. EXPTE. 340/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 9.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 05/03/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en SEBASTIAN ELCANO (RUA) 001, 2 E, executadas ao abeiro do Convenio entre o CVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a José González Iglesias (DNI/NIF nº 35.814.523-G) a axuda de 2999,12 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 1499,56 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 1499,56 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 2999,12 euros con cargo á partida 4320.7802200 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

g) RÚA SEBASTIÁN ELCANO Nº 12, 3º. EXPTE. 273/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 9.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 08/10/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en SEBASTIAN ELCANO (RUA) 012, 3 -, executadas ao abeiro do Convenio entre o CVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas, asinado o 09 de marzo de 2006 (1ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Duarte Ferrín Iglesias (DNI/NIF nº 36074033-M) a axuda de 8000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 4049 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 3951 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 8000 euros con cargo á partida 4320.7802100 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

h) RÚA TOMÁS ALONSO, 285. EXPTE. 329/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 9.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 03/10/06 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación de elementos comúns do edificio localizado en TOMAS A ALONSO (RUA) 285, executadas ao abeiro do Convenio entre o CVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente aos propietarios/inquilinos da lista axunta as cantidades de axuda máxima que figuran na listaxe, co financiamento correspondente do Ministerio de Fomento e da Consellería da Vivenda e Solo.

Nome e apelidos	DNI/NIF	1Situación	Presupost o Máx. Prot.	P.aceptado Consell viv. e solo	Axuda máx.	Axuda proposta € *	Min. Fom.	Consell. viv. e solo
Alfonso De la Calle Martínez	36076918-S	TOMAS A ALONSO (RUA) 285 2º D	1338,17	1338,17	7.000	441,6	220,8	220,8
Javier Pérez Rodríguez	36138858-.Q	TOMAS A ALONSO (RUA) 285 2º I	1338,17	1338,17	7.000	441,6	220,8	220,8
José Luis Durán González	35983800R	TOMAS A ALONSO (RUA) 285 1º	1338,17	1338,17	7.000	441,6	220,8	220,8
José Luis Durán González	35983800R	TOMAS A ALONSO (RUA) 285 0º	1338,17	1338,17	7.000	441,6	220,8	220,8
		2TOTAL	5.352,68	5.352,68	28.000	1.766,40	883,20	883,20

TERCEIRO.- Conceder definitivamente as cantidades de axuda devandita con cargo á partida 4320.7802100 da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo aos interesados, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

45(1977).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS:

a) PRAZA MARTÍN ALONSO PINZÓN, 10. EXPTE. 342/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 9.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmoble localizado en PRAZA DE MARTIN ALONSO PINZON (RUA) 010, a Estela Bastida Pujales con NIF 36103758Z das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Estela Bastida Pujales, a axuda de 12000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 6000 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 6000 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

b) PRAZA CRUCEIRO VELLO, 2. EXPTE. 343/431.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 9.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmoble localizado en PRAZA DE CRUCEIRO VELLO (RUA) 002, a Jesús María Rey Fraile con NIF 35.309.238-Y das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Jesús María Rey Fraile, a axuda de 12000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 6000 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 6000 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

46(1978).- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS RELATIVAS ÓS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ZONA FRANCA E CONCELLO DE VIGO E DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA HUMANIZACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 607 E 608/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro técnico de Obras Públicas, do 18.10.07, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

En data 31 de xullo de 2006, asinase o Convenio entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenrolo de intervencións urbáns e cesión de viais.

En data 30 de xuño de 2006, asínase o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a Cooperación económica en determinadas actuacións urbáns a realizar na cidade de Vigo.

En data 24 de outubro de 2005, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á empresa Movexvial a Humanización da rúa Alfonso X O Sabio, por un importe de 86.850, euros. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 16 de abril de 2007, aprobou a modificación do contrato formalizado coa mercantil MOVEXVIAL, S.L., con data 24 de novembro de 2006 para a Humanización da rúa Alfonso X O Sabio, segundo o proxecto modificado núm. 1 do primitivo proxecto e cun presuposto de execución por contrata de 373.158,61 euros.

Co obxecto de dar cumprimento aos convenios antes citados, xunto achégase para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local as certificacións correspondente ás seguintes obras:

Rúa Alfonso X O Sabio Certificación núm. 1, do mes de febreiro 2007. modificado das obras do proxecto de humanización.....	118.422,66 euros
Rúa Alfonso X O Sabio Certificación núm. 2, do mes de febreiro 2007. modificado das obras do proxecto de humanización.....	167.885,95 euros
<u>Total.....</u>	<u>286.308,61 Euros</u>

As citadas certificacións coas correspondentes facturas deberán ser remitidas tanto ao Consorcio da Zona Franca como a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para dae cumprimento aos citados convenios.

Tendo en conta o anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar as certificación que a continuación se indican:

Rúa Alfonso X O Sabio Certificación núm. 1, do mes de febreiro 2007. modificado das obras do proxecto de humanización.....	118.422,66 euros
Rúa Alfonso X O Sabio Certificación núm. 2, do mes de febreiro 2007. modificado das obras do proxecto de humanización.....	167.885,95 euros
<u>Total.....</u>	<u>286.308,61 Euros</u>

2.- Remitir as certificación coa correspondente factura a:

2.1.- Consorcio Zona Franca para facer efectivo o seu pago o contratista

correspondente.

2.2.- *Excma. Deputación de Pontevedra para que procedan, según se indica no convenio, ao reintegro de fondos ao Concello de Vigo por un importe de 606.069,60 euros, (seiscentos seis mil sesenta euros) correspondentes a anualidade do 2006.*

2.3.- *Intervención de Fondos do Concello de Vigo para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(1979).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A GAS NATRUAL DISTRIBUCIÓN S.D.G. POR EXECUCIÓN DE OBRAS DE ACOMETIDA. EXPTE. 52863/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 18.10.07, conformado pola concelleira delegada do Área de Servizos Xerais, que di co seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por GAS NATURAL DISTRIBUCION S.D.G.de data 15 de outubro de 2007, en relación o aval constituído en data 16/05/2006, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de acometida de gas, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 18 de outubro de 2007, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:

PROPONSE

Proceder a devolución do aval a GAS NATURAL DOSTRIBUCION S.D.G., constituído na data reseñada, polo importe de 9.127,49 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a GAS NATURAL DOSTRIBUCION S.D.G., constituído na data reseñada, polo importe de 9.127,49 euros.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

48(1980).- DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS ESPECIAIS DO FUNCIONARIO D. ALFONSO RAMOS COVELO POR DESIGNACIÓN DO MESMO COMO XERENTE DO CONSORCIO DO CASCO VELLO. EXPTE. 17801/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 29.10.07, e conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En escrito de data 16/10/2007 (documento nº 70114441) se comunica ao Concello de Vigo o acordo adoptado polo Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo en sesión de data 2 de outubro do 2007, no cal -entre outros aspectos-se resolveu “declarar o carácter directivo do posto de Xerente do Consorcio, asimilándoo no seu rango administrativo a altos cargos; solicitar do Concello de Vigo que, ao amparo do establecido no artigo 87.1.c) do Estatuto Básico do Empregado Público, declare a D. Alfonso Ramos Covelo na situación de servizos especiais con efectos a partir do 1 de novembro do 2007.”

2. O funcionario D. Alfonso Ramos Covelo, técnico de administración xeral do Concello de Vigo, se atopa no momento actual en situación de comisión de servizos declarada por Decreto da Alcaldía de data.....na súa condición de membro do Tribunal Económico-Administrativo, e á súa vez na situación administrativa de servizos especiais no posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento”, incardinado orgánicamente no Servizo de Asesoría Xurídica, ao cal se atopaba provisoriamente adscrito ata o seu noemamento como Presidente do dito Tribunal por acordo plenario de data.....

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. Sen prexuízo de que no escrito presentado en data 16/10/2007 o Consorcio do Casco Vello peticona directamente a declaración na situación administrativa de servizos especiais do funcionario relacionado, cómpre salientar que o mesmo se atopa nunha serie de situacións administrativas e de prestación de servizos encadenadas de xeito cando menos atípico. Debe partirse da primordial e necesaria diferenciación entre a súa situación no posto de traballo que ocupaba no Servizo de Asesoría Xurídica ata o seu nomeamento como Presidente do Tribunal Económico-Administrativo –órgano creado ao abeiro do disposto no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local- e a situación na cal actualmente se atopa prestando servizos como Xerente do Consorcio do Casco Vello, sen deixar de ser á súa vez Presidente do devandito órgano colegiado.

A recente entrada en vigor o pasado 13 de maio do novo marco normativo constituído pola Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata o momento; no artigo 87 da dita norma se regula a situación administrativa de servizos especiais, e o dito precepto sinala que os funcionarios de carreira serán declarados nesa situación nos seguintes supostos:

“c) Cuando sean nombrados para desempeñar puestos o cargos en Organismos Públicos o entidades, dependientes o vinculados a las Administraciones Públicas que, de conformidad con lo que establezca la respectiva Administración Pública, estén asimilados en su rango administrativo a altos cargos.

Quienes se encuentren en situación de servicios especiales percibirán las retribuciones del puesto o cargo que desempeñen y no las que les correspondan como funcionarios de carrera, sin perjuicio del derecho a percibir los trienios que tengan reconocidos en cada momento.

El tiempo que permanezcan en tal situación se les computará a efectos de ascensos, reconocimiento de trienios, promoción interna y derechos en el régimen de Seguridad Social que les sea de aplicación. No será de aplicación a los funcionarios públicos que, habiendo ingresado al servicio de las instituciones Comunitarias Europeas, o al de Entidades y Organismos asimilados, ejerciten el derecho de transferencia establecido en el estatuto de los Funcionarios de las Comunidades Europeas.

Quienes se encuentren en situación de servicios especiales tendrán derecho, al menos, a reingresar al servicio activo en la misma localidad, en las condiciones y con las retribuciones correspondientes a la categoría, nivel o escalón de la carrera consolidados, de acuerdo con el sistema de carrera administrativa vigente en la Administración Pública a la que pertenezcan. Tendrán, asimismo, los derechos que cada Administración Pública pueda establecer en función del cargo que haya originado el pase a la mencionada situación. En este sentido, las Administraciones Públicas velarán para que no haya menoscabo en el derecho a la carrera profesional de los funcionarios públicos que hayan sido nombrados altos cargos, miembros del Poder Judicial o de otros órganos constitucionales o estatutarios o que hayan sido elegidos Alcaldes, retribuidos y con dedicación exclusiva, Presidentes de Diputaciones o de Cabildos o Consejos Insulares, Diputados o Senadores de las Cortes Generales y miembros de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas. Como mínimo, estos funcionarios recibirán el mismo tratamiento en la consolidación del grado y conjunto de complementos que el que se establezca para quienes hayan sido Directores Generales y otros cargos superiores de la correspondiente Administración Pública.

La declaración de esta situación procederá en todo caso, en los supuestos que se determinen en el presente Estatuto y en las Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del mismo.”

II. En xusta coherencia co antedito, parece obvio o imperativo legal de declarar ao Sr. Ramos Covelo na situación administrativa de servizos especiais, ao estar configurado o cargo de Xerente do Consorcio do Casco Vello de Vigo como de alto cargo; situación que, como se deduce do espírito da norma, ten por obxectivo facilitar que os empregados públicos poidan prestar servizos noutras entidades, organismos, órganos, cargos ou administracións a través da designación política a tal efecto, sen que tal designación produza interferencias indesexadas cos principios de obxectividade a imparcialidade que debe observar todo empregado público consonte ao artigo 53 do propio EBEP; nembargantes o anterior, existe a evidente colisión coa previa declaración de servizos especiais do funcionario sinalado por designación como Presidente do Tribunal Económico-Administrativo; figura que non parece pensada para ser aplicada ás incidencias relativas aos membros do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas.

Sen prexuízo do que se dispoña no Regulamento do propio Tribunal Económico-Administrativo en canto ao nomeamento e cese dos membros integrantes do mesmo, debe salientarse que pola Unidade de Persoal non se estima axustada a dereito a dobre declaración en situación de servizos especiais, tanto por contravenir o obxecto do citado artigo 87 como por estimarse de difícilísimo encaixe legal o feito de que un membro dun órgano colegiado designado politicamente poda estar na situación descrita, pensada para os funcionarios públicos e non para os órganos. No presente caso, a aplicación do instituto xurídico da analogía legis contido no artigo 4.1 do Código Civil tampouco permite solucionar esta situación de forma correcta, e a súa utilización se realizaría en detrimento dos dereitos dos funcionarios públicos en relación cao súa carreira administrativa establecidos no artigo 14 do EBEP, polo que se estima procedente propoñer a declaración en situación de

servizos especiais de D. Alfonso Ramos Covelo no posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento”, pertencente ao Servizo de Asesoría Xurídica.

Debido a que o propio artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril anteriormente citado residencia no Pleno a competencia para acordar o cesamento dos membros do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas, parece necesario que o funcionario citado presente a súa renuncia expresa á Presidencia do Tribunal Económico-Administrativo, con efectos do día 31 de outubro do 2007, a efectos de que pola Xunta de Goberno Local poida declararse ao Sr. Ramos Covelo na situación de servizos especiais no seu posto de traballo de “Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento” con efectos do día 1 de novembro do 2007, obviamente sen prexuízo de que renuncia que sexa presentada deba someterse ao criterio do Pleno do Concello aos efectos que se estimen oportunos en canto ao nomeamento do Presidente do mesmo, non sendo esta Unidade de Persoal competente para pronunciarse ao respecto.

III. En igual senso, e en estricta aplicación do relacionado no artigo 87 do EBEP, o funcionario declarado na situación administrativa de servizos especiais terá dereito alomenos a reingresar nas mesmas condicións retributivas e profesionais que tiña no momento anterior ao pase á devandirta situación, de xeito tal que deba garantizarse o seu reingreso ao posto de traballo de “Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento “ en cnto se produza o seu cesamento como Xerente do Consorcio do Casco Vello. Lémbrese que o dito posto se ocupa provisoriamente e en tanto non se materializa o reingreso por outro funcionario técnico de administración xeral.

IV. O anterior informe se emite sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local estime oportuno recabar diferentes informes xurídicos en relación á competencia plenaria para o nomeamento e cesamento dos membros do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, ou be nao asunto de fondo se así o estima oportuno.

V. Vistas as consideracións e informe expostos, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Declarar ao funcionario D. Alfonso Ramos Covelo, con nº de persoal....., na situación administrativa de servizos especiais no posto de traballo de “Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento”, encadrado no Servizo de Asesoría Xurídica, con efectos do 1 de novembro do 2007, ao abeiro do establecido no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en virtude da petición formulada polo Consorcio do Casco Vello de Vigo en escrito de data 16/10/2007 (documento nº 70114441).

SEGUNDO.- Aos efectos legais que se derivan da situación administrativa de servizos especiais e da pertenza ao órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas do Concello de Vigo, o funcionario citado deberá presentar no prazo de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao da notificación do presnte acordo escrito de renuncia á Presidencia do Tribunal Económico-Administrativo con efectos do día 31 de outubro do 2007, que será sometida ao debate no Pleno ex artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, previa a emisión dos preceptivos informes.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Consorcio do Casco Vello de Vigo, Concelleiro-delegados e xefes/as das Áreas e Servizos afectados, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal e Organización e Métodos aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(1981).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.

